

# CATÁLOGO DE PUBLICACIONES PERIÓDICAS

## Fondos do Arquivo da Emigración Galega

Este catálogo de publicacións periódicas é un primeiro instrumento de descrición das publicacións conservadas polo Arquivo da Emigración Galega en diferentes soportes (papel, dixitalizadas, microfilmadas, etc.). Con este catálogo preténdese facilitar a localización das publicacións periódicas aos investigadores interesados na temática emigratoria, pero tamén serve como un instrumento de difusión dos fondos hemerográficos do AEG.

O Arquivo da Emigración Galega, desde a súa creación, está levando a cabo unha intensa labor de recuperación das publicacións editadas na emigración (ben a través da microfilmación, reprodución xerográfica ou por doazóns das sociedades de emigrantes, institucións ou de particulares) que se atopan nas nosas instalacións como obras de consulta para os estudiosos dos fenómenos migratorios. A maior parte tratan sobre a emigración galega, estando realizadas por e para os emigrantes, aínda que tamén aparecen numerosas publicacións da colectividade española ou doutras colectividades emigrantes.

O catálogo recolle tamén fondos hemerográficos correspondentes a outro tipo de publicacións, que se conservan no AEG:

- publicacións locais
- publicacións agrarias
- prensa dos países de acollida
- publicacións de carácter político (sindicais, anarquistas, ...)
- publicacións institucionais

Fóra del, quedan as publicacións periódicas contemporáneas de carácter científico e as publicacións de carácter estatístico.

O contido temático das publicacións é moi variado e van desde as publicacións de carácter xeral, prensa societaria, ou especializada en temas políticos, agrarios, etc. Xeograficamente, ao igual que a emigración galega, as publicacións proceden de numerosos países, tanto europeos como americanos, así como doutras zonas de España; destacan cuantitativamente (non só polo número de cabeceiras senon que en moitos casos dispoñemos de gran parte da edición das principais publicacións galegas) as editadas na Arxentina, Cuba, Uruguai, Estados Unidos ou Brasil, etc.; en Europa, Suíza, Francia, Alemaña e sobre todo España, destacando as publicadas en Cataluña, País Vasco, ou Madrid, principais lugares de asentamento dos galegos na Península ao longo do século XX.

Cronoloxicamente, comprenden desde as primeiras publicacións editadas pola colectividade galega fóra de Galicia, como *El Eco de Galicia* (A Habana, 1878), *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid, 1879), *El Gallego* (Bos Aires, 1879) ata as revistas e boletíns sociais que se seguen a publicar na actualidade ou prensa actual dirixida á colectividade emigrante/inmigrante.

O catálogo segue unha orde seguindo criterios xeográficos, aparecendo por continentes, país e cidade de edición e as cabeceiras ordeadas alfabeticamente.

# América

## Arxentina

### Avellaneda

#### ***Boletín Oficial del Centro Gallego***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Avellaneda

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada polo Centro Gallego de Avellaneda desde o 1 de setembro de 1903. Dedicada a maior parte das súas páxinas a aspectos internos da institución e a informar dos diferentes actos sociais e culturais organizados pola entidade (cursos, conferencias, romarías, festas, etc.); tamén inclúe notas sociais da colectividade galega asentada en Avellaneda («Sección Oficial», «Ecos sociales»). Aparecen artigos que abordan temas culturais, colaboracións literarias, etc.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1903: n. 1-4  
1904: n. 5-16  
1905: n. 17; 19-29  
1906: n. 30-41  
1907: n. 42-53  
1908: n. 54-65  
1909: n. 66-77  
1910: n. 78-88  
1911: n. 89-100  
1912: n. 101-112  
1913: n. 113-124  
1914: n. 125-136  
1915: n. 137-148  
1916: n. 149-160  
1917: n. 161-172  
1918: n. 173-184  
1919: n. 185-196  
1920: n. 197-200

#### ***Breogán***

#### ***Revista del Centro Gallego de Avellaneda***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Avellaneda

**Contido:**

Esta publicación do Centro Gallego de Avellaneda foi editada como órgano oficial da entidade onde se publicaban as actividades sociais; tamén aparecen artigos sobre Galicia e colaboracións literarias, así como biografías de galegos destacados. Contén numerosas fotografías e publicidade

**Formato** Fotocopia

**Números**  
**no AEG:** 1944: n. 334,

### ***Faro de Finisterre***

***Órgano oficial de la Asociación Finisterre en América***

**Sociedade** Asociación Finisterre en América  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación é o voceiro oficial da Asociación Finisterre en América creado en 2001 para informar aos seus socios das actividades da entidade. Ademais contén numerosos artigos sobre Galicia e o concello de Fisterra.

**Formato** Orixinal

**Números**  
**no AEG:** 2001: n. 1; 2,

### ***Finisterre en América***

**Sociedade** Asociación Finisterre en América  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi creada en 1997 para dar a coñecer a comarca de Fisterra en Bos Aires, así como as actividades dos emigrantes naturais desta zona da Costa da Morte residentes en Bos Aires, informando dos servizos, novidades e curiosidades aos seus socios.

**Formato** Orixinal

**Números**  
**no AEG:** 1997: n. 1; 3  
1998: n. 4; 5,  
1999: n. 7; 8; 9,

### ***Porto do Son***

***Boletín 80º aniversario***

**Sociedade** Hijos del Ayuntamiento de Porto do Son  
**editora**

**Contido:**

Esta revista societaria foi editada con motivo da celebración do 80º aniversario fundacional de Hijos del Ayuntamiento de Porto do Son en Bos Aires; nela, ademais dun percorrido histórico pola entidade ao longo destes anos, aparecen novas de Galicia e dos actos organizados pola sociedade para celebrar este aniversario.

**Formato** Orixinal

**Números**  
**no AEG:** 1998  
2006

## **Bos Aires**

***A los cuatro vientos***

***Mensuario Independiente***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación está editada no barrio de Villa Luro da cidade de Bos Aires para informar dos diversos aspectos culturais e sociais que alí acontecen e aparecen tamén noticias xerais da cultura e a sociedade arxentina.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 4; 5  
1997: n. 7; 10; 11; 12; 13; 14,  
2001: n. 43; 44; 45; 46,  
2003: n. 50,

***Acción Gallega***

***Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires***

**Sociedade  
editora** Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires

**Contido:**

Este xornal foi editado en Bos Aires desde 1926 e desde 1929 convértese no voceiro oficial da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires, tras a súa escisión da Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina.

A maior parte da publicación está dedicada á sección «Notas y Comunicados de las Sociedades» (novas das Sociedades federadas) e á información propia da Federación (comunicados, asembleas, notas do Consejo Federal, etc.), realizando continuas críticas á outra Federación. Aparecen outros artigos abordando a actualidade política española, sendo moitos deles reproducidos doutras publicacións. Tamén inclúe comunicados de organizacións de esquerda e comentarios diversos desde unha perspectiva republicana de esquerdas, moi crítica co goberno español e fortemente antinacionalista.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 2ª época:  
1929: n. 37-39  
1930: n. 40-59  
1931: n. 59; 61-72  
1932: n. 73-82  
1933: n. 83-94  
1934: n. 95-106  
1935: n. 107-117  
1936: n. 118-127; 158

***Acción Gallega***

***Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires***

**Sociedade  
editora** Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires

**Contido:**

Esta publicación é en realidade unha continuación do «Galicia. Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas» (Vid. ficha), que por motivos políticos tivo que deixar de editarse baixo a súa denominación habitual e tomou o nome dun antigo órgano oficial dos anos 20. Aparece só desde o 1 de abril de 1944 ata o 29 de xullo. Continúan coa mesma liña editorial informando sobre a Federación e as sociedades que a integran, sobre temas de Galicia ou da colectividade. Tras este período volve editarse coa cabeceira «Galicia».

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1944: n. 1-18,

***Adiante***

***Orgao das Mocedades galeguistas (Filial de Irmandade Galega)  
A Nosa Pregóa - A redenzón da boa - Nazón de Breogán***

**Sociedade** Irmandade Galega de Bos Aires  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación de carácter político foi editada para informar das actividades societarias (assembleas, edicións de libros, etc.) e da situación da colectividade en xeral. Realiza unha defensa de Galicia, desde postulados nacionalistas e republicanos, criticando a súa situación política e económica nas seccións «Da Galiza asoballada» e «O Fungueiro» (notas críticas da actualidade galega e da colectividade).

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1954: n. 1-3,  
1956: n. 5 (outono),

***Agarimo***

***Revista Pro Hogar Gallego para Ancianos***

**Sociedade** Hogar Gallego para Ancianos  
**editora**

**Contido:**

Esta revista foi editada por un grupo de simpatizantes da sociedade Hogar Gallego para Ancianos co fin de apoiar e divulgar o seu labor asistencial en pro da colectividade galega da terceira idade. A maior parte dos artigos son colaboracións, principalmente literarias, con referencias a personalidades galegas ou ao papel dos galegos en América. Neste número que conservamos aparece o relatorio presentado no I Congreso da Emigración Galega sobre a ancianidade e unha ampla información sobre a entidade.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1957: n. 1,

***Agrario, El***

***Órgano oficial del Centro Protección Agrícola del Distrito de Salceda***

**Sociedade** Centro Protección Agrícola del Distrito de Salceda en Buenos Aires  
**editora**

**Contido:**

Este periódico agrario xurdiu en Bos Aires no ano 1917 como resposta ao peche do xornal agrarista e anticaciquil «El Despertar», editado en Salceda de Caselas baixo a dirección de Joaquín Fernández Sestelo. Nun primeiro momento denomínase «La Voz del Centro», pasando a chamarse «El Agrario» posteriormente, máis acorde coa súa finalidade, pois pese a ser o órgano oficial da entidade e ofrecer ampla información sobre a mesma (actividades, noticias sociais, assembleas, etc.), a maior parte da publicación reflicte a súa preocupación pola actualidade española e da comarca desde postulados agraristas.

**Formato** Fotocopia

**Números**  
**no AEG:** 1924: n. 85,

### ***Aires d'a Miña Terra***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Esta revista aparece en 1908 e leva este nome como homenaxe a Curros Enríquez. Pretende «... aparte de la firme defensa que hará en todo tiempo y lugar de los nativos de aquella privilegiada tierra y lo mismo de sus intereses, "Aires d'a Miña Terra" llevará siempre en sus hojas vistas de ciudades, villas y aldeas, paisajes, tipos y monumentos de Galicia; y en su parte literaria hallarán sus lectores trabajos de prosa y verso de los más renombrados escritores regionales así de aquende como de allende del Océano».

É unha revista cultural ilustrada na que abundan as colaboracións literarias e artigos sobre Galicia, que nos aproximan a súa xeografía, historia, literatura, etc. Tamén informa da actualidade galega («Noticias de nuestra tierra»), da colectividade galega e das súas asociacións («Informaciones útiles»), novas arxentinas («De domingo a domingo»), etc.

**Formato** Microfilm

**Números**  
**no AEG:** 1908: n. 1-10; 12-34  
1909: n. 35-63

### ***Airiños***

### ***Revista de la Asociación Casa de Galicia de Buenos Aires***

**Sociedade** Casa de Galicia de Buenos Aires  
**editora**

**Contido:**

Esta revista foi editada pola Casa de Galicia para informar sobre diversos aspectos da institución, e conta ademais con numerosas colaboracións de importantes personalidades que ofrecen a través dos seus escritos unha clara orientación cultural da revista, con diversas achegas á historia, xeografía, costumes, literatura, etc. de Galicia e a súa influencia en América. Aparecen tamén relatos literarios e numerosas poesías.

**Formato** Microfilm  
Orixinal

**Números**  
**no AEG:** 1944: n. 1; 2  
1945: n. 3-5  
1947: n. 7  
1948: n. 8  
1949: n. 9  
1950: n. 10; 11  
1951: n. 12  
1954: n. 13  
1955: n. 14; 15  
1983: n. extra 50º aniversario

### ***Alalá***

### ***Revista de Arte e Letras***

**Sociedade** Coral "Os Rumorosos"  
**editora**

**Contido:**

Revista literaria

**Formato** Facsimilar - CD

**Números**

**no AEG:** 1935: n. 1 (maio)

***Alborada***

***Órgano de la Asociación Benéfica y Cultural del Partido de Corcubión***

**Sociedade** ABC del Partido Judicial de Corcubión  
**editora**

**Contido:**

Esta revista societaria foi creada como o órgano oficial da ABC del Partido Judicial de Corcubión en Bos Aires e como tal concede unha grande importancia ás noticias referidas á entidade editora (celebración de asembleas, actividades realizadas en Arxentina e Galicia, nómina de socios ingresados, noticias sociais, necrolóxicas, etc.) e da comarca de orixe. Complementábase a publicación con artigos de temática variada (hispanoamericanismo, emigración, notas históricas e sociais da comarca, actualidade arxentina, etc.), colaboracións literarias, artigos divulgativos e pasatempos.

**Formato** Orixinal  
Microficha

**Números**

**no AEG:** 1925: n. 1-5  
1926: n. 6-17  
1927: n. 18-29  
1928: n. 30-41  
1929: n. 42-53  
1930: n. 54-59  
1931: n. 60-68  
1932: n. 69-73  
1933: n. 74-78  
1934: n. 79-83  
1935: n. 84-88  
1936: n. 89-93  
1937: n. 94-98  
1944: n. 123-125  
1945: n. 126-129  
1946: n. 130-133  
1947: n. 134-137  
1948: n. 138-140  
1949: n. 141-144  
1950: n. 145-148  
1951: n. 149-152  
1952: n. 153-155  
1953: n. 156-158  
1954: n. 159; 160  
1957: n. 167  
1961: n. 170  
1964: n. 173  
1991: 69º aniversario social  
1997: 75º aniversario social (extra)  
2002: n. 189 (80º aniversario social)

## ***Alborada***

### ***Todo por y para Galicia***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Editada con carácter benéfico por Fernando Lorenzo, director, para axudar economicamente á «Comisión de Homenaje a Pascual Veiga».

**Formato** Facsimilar - CD

**Números  
no AEG:** 1907

## ***Alén Mar***

### ***Revista de la Asociación Argentina de Hijos de Gallegos***

**Sociedade  
editora** Asociación Argentina de Hijos de Gallegos

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Facsimilar - CD  
Orixinal (doazón Zubillaga)

**Números  
no AEG:** 1961: n. 1 (xuño)  
1962: n. 2 (maio)  
1963: n. 3 (xuño), 4 (novembro)

## ***Almanaque Gallego***

**Sociedade  
editora** Manuel Castro López

**Contido:**

Esta publicación, de periodicidade anual, foi editada por Manuel Castro López coa intención de manter unha relación fluída entre as dúas Galicias, a europea e a nova, feita en América polos nosos emigrantes, converténdose nunha obra de referencia para ambas as dúas. Nela aprecen, xunto co calendario do ano seguinte, numerosos traballos eruditos de autores galegos, incluído do seu director, sobre Galicia. Destacan os artigos sobre o papel dos galegos en Arxentina, historia, literatura, música, arte, costumes populares, lingua, así como numerosas colaboracións literarias de escritores de Galicia e de emigrantes. Contén numerosas fotografías evocadoras de Galicia, retratos de personalidades galegas, gravados e reproducións artísticas.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números  
no AEG:** 1898  
1899  
1900  
1901  
1902

## ***Anales científicos***



**Sociedade editora** Asociación Médica del Centro Gallego de Buenos Aires

**Contido:**

Esta publicación está dirixida ao corpo médico do Centro Gallego. Os seus contidos están centrados no mundo da medicina, informando sobre congresos, bibliografía, novos tratamentos e descubrimentos científicos.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2ª época:  
1989: n. 2 (outubro),

***Arenteiro, O***

***Revista de la Asociación Centro del Partido de Carballino***

**Sociedade editora** Centro del Partido de Carballino

**Contido:**

Esta revista societaria achega aos seus integrantes a información sobre a asociación Centro del Partido de Carballino (estatutos, memorias anuais, proxectos, descrición de actividades, notas sociais, etc.). Contén colaboracións literarias e inclúe numerosas noticias e artigos sobre Galicia, e particularmente sobre a comarca do Carballiño.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1993: n. 6,

***Argentina gastronómica y hotelera***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta publicación informa de cuestións técnicas relacionadas co turismo e coa gastronomía argentina.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1990: n. 11,

***As 4 Aldeas***

***Revista oficial de la sociedad Hijos de Ois de ayuda mutua***

**Sociedade editora** Hijos de Ois

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Fotocopia  
Dixitalizada

**Números**

**no AEG:** 1923: n. 1

## ***Asociación Civil Unión Residentes de Outes***

### ***96º aniversario***

**Sociedade editora** Asociación Civil Unión Residentes de Outes

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** orixinal

**Números**

**no AEG:** 2006: 96º aniversario

## ***Asociación de Residentes de Salvaterra de Miño en la República Argentina***

**Sociedade editora** Asociación de Residentes de Salvaterra de Miño en la República Argentina

**Contido:**

Con esta publicación a Asociación de Residentes de Salvaterra de Miño achega aos emigrantes deste concello as noticias que acontecen en Galicia, ademais de informar sobre a marcha da sociedade e as súas actividades.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1999: n. 3 (setembro)  
2006: n. 10

## ***Asociación Hijos de Zas***

### ***En su 75º aniversario***

**Sociedade editora** Asociación Hijos de Zas

**Contido:**

Publicación societaria editada con motivo da celebración do 75º aniversario fundacional da asociación Hijos de Zas de Bos Aires onde informa da súa traxectoria histórica e das actividades organizadas na actualidade pola entidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1998: 75º aniversario

## ***Asociación Mutualista Residentes de Vigo en Buenos Aires***

### ***Revista Cincuentenario***

**Sociedade editora** Asociación Mutualista Residentes de Vigo en Buenos Aires

**Contido:**

A Asociación Mutualista Residentes de Vigo en Buenos Aires, fundada en 1918, edita dúas publicacións con motivo do seu 50 aniversario fundacional. As revistas inclúen artigos referidos á sociedade e a súa historia, programas de actos e unha descrición das actividades realizadas pola institución e nas datas destacadas da colectividade galega (Día de Galicia, Día das Letras Galegas, Día do Estatuto), etc. Tamén contén informacións sobre a situación actual de Vigo e, en menor medida, de Galicia; e

colaboracións literarias, referidas a maior parte á comarca de Vigo.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1968: decembro

***Asociación Residentes de Mos  
de Mutualidad, Cultura y Recreo***

**Sociedade editora** Asociación Residentes de Mos, de mutualidad, cultural y recreo

**Contido:**

Esta revista está editada anualmente pola Asociación Residentes de Mos para informar das actividades sociais e do balance económico da entidade. Contén ademais artigos de temática variada, con noticias sobre o seu concello natal, entrevistas, saúdos e visitas de autoridades galegas. Aparecen tamén artigos extraídos da prensa sobre a situación galega e as relacións de España con Argentina, e informacións de interese para os emigrantes (axudas).

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1988: xullo  
2004: n. 1, 86º aniversario  
2006: 88º aniversario

***Asociación Unión Residentes de los Ayuntamientos de Vigo y Lavadores  
Memoria y Balance Xeral***

**Sociedade editora** Asociación Unión Residentes de los Ayuntamientos de Vigo y Lavadores Despois denominada Asociación Mutualista Residentes de Vigo en Buenos Aires.

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada para informar aos socios do balance económico anual da entidade e das diversas actividades realizadas durante ese período.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1949: xaneiro; decembro  
1950: decembro  
1951: decembro  
1953: xaneiro  
1954: decembro  
1956: xaneiro; [decembro]  
1960: febreiro  
1962: abril

***Becerreá  
Revista del Centro Recreativo del Partido de Becerreá***

**Sociedade editora** Centro Recreativo del Partido de Becerreá

**Contido:**

Esta revista societaria foi creada para informar aos socios da entidade editora das actividades da sociedade, así como das noticias e historia do seu concello natal e de Galicia.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1939: n. 7 (xullo)  
1944: n. 11 (xaneiro)  
1945: n. 13 (decembro)  
1947

***Betanzos******Revista del Centro Betanzos***

**Sociedade editora** Centro Betanzos

**Contido:**

Esta publicación societaria pretende servir de vínculo entre os emigrantes betanceiros e a súa comarca natal, informando das actividades realizadas polo Centro Betanzos e sobre outros temas de interese para os seus integrantes. Tamén inclúe diferentes colaboracións e artigos sobre temas galegos: historia, nacionalismo, economía, lingua, educación, música, emigración, etc. Por último, recolle información da actualidade galega, especialmente da comarca de Betanzos.

**Formato** Orixinal  
Microfilm

**Números**

**no AEG:** [1947]: n. 42  
1949: n. 44  
1951: n. 45  
1962: n. 58  
1978: n. 65  
1980: n. 69  
1981: n. 70  
1989  
1990  
1992

***Boiro******Revista editada por la Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Boiro***

**Sociedade editora** Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Boiro

**Contido:**

Esta revista foi editada para informar do labor societario da entidade editora, así como das novas da colectividade. Complétase con notas sobre o concello de Boiro e sobre a actualidade cultural galega e española.

**Formato** Orixinal  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1965: agosto,  
1967

***Boletín Centro Cultural del Partido de la Estrada***

**Sociedade editora** Centro Cultural del Partido de la Estrada

**Contido:**

Boletín societario que informa aos emigrantes dos acontecementos de Galicia con reproducións de noticias publicadas na prensa galega.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1987: xullo (1, 15); agosto (1); decembro (15)  
1988: xuño (1)

***Boletín de la Federación de Asociaciones Españolas en la República Argentina***

**Sociedade editora** Federación de Asociaciones Españolas en la República Argentina

**Contido:**

Este boletín societario foi editado pola Federación de Asociaciones españolas en la República Argentina para informar sobre as asociacións que integran dita federación, as súas actividades, etc.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1922: n. 2; 4; 5  
1923: n. 6,

***Boletín de la Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía***

**Sociedade editora** Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía

**Contido:**

Esta publicación societaria informa das actividades e notas sociais da Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía (capital social, ecos de sociedade, nómina de socios, etc.) e recolle informacións da zona de Muxía, colaboracións literarias e artigos de temática variada sobre Galicia. Ten colaboracións habituais de destacados escritores como Gervasio Paz Lestón, Ramón Otero Pedrayo, Gonzalo López Abente ou Manuel Pereira Santos entre outros e fotografías de Ramón Caamaño.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1928: n. 4, 5  
1929: n. 6-8  
1930: n. 9-11  
1931: n. 12, 13  
1932: n. 14, 15  
1933: n. 16, 17  
1934: n. 18,

***Boletín de las Sociedades Gallegas Federadas***

**Sociedade editora** Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina

**Contido:**

Esta publicación é en realidade unha continuación de «Galicia. Publicación semanal editada por la Federación de Sociedades Gallegas» que por motivos políticos tivo que deixar de editarse con ese nome. Continúan coa mesma liña editorial informando sobre a Federación e as sociedades que a integran sobre temas de Galicia ou da colectividade. Tras a publicación de quince números baixo esta cabeceira volta a editarse como «Galicia»(Vid. ficha).

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1943: n. 1; 2  
1944: n. 3-15

***Boletín Informativo***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Buenos Aires

**Contido:**

Boletín editado polo Centro Gallego de Buenos Aires para informar sobre as actividades da entidade e a súa vida interna (doazóns, socios ingresados, servizos médicos, resolucións da comisión directiva, movementos de caixa, memorias anuais, etc.); aparecen tamén artigos referidos a Galicia, á sociabilidade dos emigrantes, defendendo a necesidade de asociarse ás institucións, e o papel dos galegos na Arxentina.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1998: maio

***Boletín Informativo de la Asociación Hijos de Silleda***

**Sociedade editora** Asociación Hijos de Silleda

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada para informar das actividades realizadas pola entidade e das novas sociais, incluíndo noticias da actualidade de Silleda, algúns artigos de temática variada e colaboracións literarias.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1979  
1983: n. 24

***Boletín Oficial de la Sociedad Residentes del Municipio de Porriño y sus distritos***

**Sociedade editora** Sociedad Residentes del Municipio de Porriño y sus distritos

**Contido:**

Esta publicación societaria está destinada a informar aos seus socios dos asuntos internos da institución (nómina de socios, memorias anuais, asembleas, proxecto de estatutos, balances económicos, novas sociais, falecementos, etc.). Tras a fusión de varias sociedades de emigrantes naturais de Porriño pasa a denominarse «Boletín de la Sociedad Residentes del Municipio de Porriño y sus distritos». Recolle outras novas de interese para os asociados e informa dos proxectos impulsados en Galicia pola sociedade (escolas, bibliotecas, etc.), ou noticias da actualidade de España, de Galicia e particularmente da súa comarca (sección «De Porriño»), nas que se manifesta o apoio ao movemento agrarista e o seu republicanismo. Por último, cabe citar a inserción de colaboracións literarias, artigos de carácter divulgativo relativos á educación, á cooperación, etc.

**Formato** Microfilm  
Orixinal  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1928: n. 29  
1929: n. 30-33; 35  
1930: n. 36-41  
1931: n. 42-45  
1932: n. 46-48  
1933: n. 50-53  
1934: n. 54-57  
1935: n. 58-60,  
1936: n. 64; 66  
1941: n. 82,  
1972-1973: n. 206-209  
1974-75: n. 213/215,

***Boletín oficial del Centro Gallego******Publicación mensual***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Buenos Aires

**Contido:**

Esta publicación societaria está editada polo Centro Gallego de Buenos Aires para informar sobre as súas actividades sociais e a súa vida interna (doazóns, socios ingresados, servizos médicos, resolucións da directiva, movementos de caixa, memorias anuais, etc.). Complétase con artigos referidos a Galicia, á sociabilidade dos emigrantes, coa defensa sobre a necesidade de asociación dos emigrantes en institucións afíns e a defensa dos galegos residentes na Arxentina.

**Formato** Orixinais

**Números**

**no AEG:** 1921: n. 99; 101; 102; 104; 105; 106; 108

***Caras y Caretas***

**Sociedade editora**

**Contido:**

**Formato** Fotocopia  
Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1910: n. 607  
1912: n. 734, outro exemplar sen numeración

***Carbia***

**Sociedade editora** Asociación Unión Residentes del Ayuntamiento de Carbia - Hoy Vila de Cruces - en Buenos Aires

**Contido:**

Esta publicación societaria está destinada a informar aos emigrantes do concello de Vila de Cruces, residentes en Bos Aires, sobre as actividades sociais; ademais aparecen artigos sobre Galicia e o seu concello natal.

**Formato** Orixinal  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1961: n. 10-25; n. especial Bodas de Plata  
2000: novembro

***Carral******Revista editada por la Asociación "Ayuntamiento de Carral y sus contornos"***

**Sociedade editora** Asociación Ayuntamiento de Carral y sus contornos

**Contido:**

Esta revista societaria foi creada para informar aos socios da entidade editora das actividades da sociedade, así como das noticias e historia do seu concello natal e de Galicia.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1949: n. 2 (outubro),

***Céltiga******Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades***

**Sociedade editora** Empresa Céltiga. Sociedad Anónima Cooperativa Limitada

**Contido:**

Publicación galega na que se informa sobre as diversas culturais da colectividade, con diversas colaboracións literarias.

**Formato** Edición facsimilar  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1924: n. 1-7  
1930: n. 141

***Centro Ayuntamiento de Rianxo***

**Sociedade editora** Centro Ayuntamiento de Rianxo

**Contido:**

Este boletín como toda publicación societaria pretende informar aos seus socios das actividades que están a realizar; ademais abordan noutros artigos a descrición xeográfica e histórica do seu concello natal e das súas parroquias, así como temas culturais (obra artística de Castelao) e colaboracións literarias.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1970: n. 1  
1971: n. 2,  
1973: n. 4

***Centro Betanzos***

**Sociedade editora** Centro Betanzos



**Contido:**

Esta publicación está feita por A. Suárez do Pazo, en galego, e editado polo Centro Betanzos de Bos Aires con motivo do pasamento de Daniel Castelao como unha homenaxe a este insigne galeguista.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1950

***Centro Betanzos******100º aniversario***

**Sociedade** Centro Betanzos  
**editora**

**Contido:**

Publicación conmemorativa do centenario desta sociedade onde fan un percorrido polas diversos fitos da entidade ao longo destes cen anos de actividades.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2005: decembro

***Centro del Distrito de Salceda******1913 - Bodas de Oro - 1963***

**Sociedade** Centro del Distrito de Salceda  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada con motivo da celebración do 50º aniversario fundacional da sociedade Centro del Distrito de Salceda de Bos Aires onde informa da súa traxectoria histórica e das actividades organizadas pola entidade.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1963

***Centro Galicia de Buenos Aires******Cultural, Social y Deportivo***

**Sociedade** Centro Galicia de Buenos Aires  
**editora**

**Contido:**

Publicación societaria editada polo Centro Galicia de Buenos Aires con motivo da conmemoración do seu vintecinco aniversario fundacional e onde se fai un percorrido polo devenir desta sociedade senlleira dos galegos residentes na Arxentina.

**Formato** orixinal

**Números**

**no AEG:** 2004: 25º aniversario

***Centro Lalín de Buenos Aires***

**Sociedade editora** Centro Lalín de Buenos Aires

**Contido:**

Esta revista está editada polo Centro Lalín de Bos Aires para informar sobre as actividades da entidade e das noticias de Galicia e da comarca do Deza aos seus socios.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1997: xullo  
1998: setembro

***Centro Lalín, Golada y Silleda de Buenos Aires***

**Sociedade editora** Centro Lalín de Buenos Aires

**Contido:**

Esa revista societaria informa sobre as actividades da sociedade creada polos emigrantes da comarca do Deza residentes en Bos Aires e das noticias de Galicia. Contén ademais noticias sobre os concellos da comarca.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2001: outubro  
2006

***Centro Noya Rianxo***

**Sociedade editora** Centro Noya Rianxo

**Contido:**

Publicación societaria onde informan das diversas actividades da entidade, con artigos sobre a colectividade, artigos sobre Galicia e persoeiros destacados, etc.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1988

***Centro Social Betanzos***

***Fiestas de San Roque***

**Sociedade editora** Centro Social Betanzos

**Contido:**

Este boletín foi editado con carácter anual para conmemorar a festividade do patrón de Betanzos, San Roque, e para informar das diversas actividades organizadas pola entidade para celebrar estas festas tan senlleiras desta vila galega.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1935  
1936

**Cervo, O****Boletín de la Sociedad de Campo Lameiro**

**Sociedade editora** Sociedad de Campo Lameiro

**Contido:**

Este boletín societario está destinado a informar aos seus socios das actividades sociais e do balance económico da entidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 2 (setembro),

**Colonia Gallega, La****Periódico de la tarde: Órgano de la colectividad y Sociedades de su nombre en la República Argentina**

**Sociedade editora** Nova Galicia

**Contido:**

Este diario de información xeral comeza a editarse en maio de 1914, declarándose abandeirado da colectividade galega residente na Arxentina. Inclúe notas da actualidade de Galicia, novas da colectividade e das sociedades de emigrantes, con diversas seccións como «Notas de Interés», na que se indican enderezos para os emigrantes que acaban de chegar, ou «No Turreiro», escrita en galego e asinada por «Chuco de Canedo».

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1914: n. 94; 166,

**Compostela****Órgano oficial del Centro "Santiago de Compostela" mutual y cultural**

**Sociedade editora** Centro "Santiago de Compostela" mutual y cultural

**Contido:**

Esta revista societaria foi creada para informar aos socios sobre a vida interna da institución (nas seccións «Sociales» e «Nuestras fiestas»). Tamén inclúe artigos de carácter cultural, destacando os referidos a Santiago de Compostela e a Galicia, así como referencias ao labor dos galegos na emigración («los gallegos en la vida argentina»).

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1953: n. 1

**Consello de Galiza****Boletín Oficial Informativo**

**Sociedade editora** Consello de Galiza

**Contido:**

Este boletín editado polo Consello de Galiza ten a finalidade de difundir as ideas defendidas por esta entidade política e expoñer os propósitos dos seus membros en materia de acción política, cultural e patriótica con referencia a Galicia. Inclúe ademais información sobre as actividades organizadas polo Consello de Galiza e as súas delegacións noutros países.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1963: agosto; setembro/outubro,  
1965: febreiro  
1966: xaneiro  
1967: novembro

***Coro Galego Brétemas e Raiolas******No seu 5º ano de existencia***

**Sociedade** Coro Galego Brétemas e Raiolas  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación cultural está editada con motivo do quinto aniversario do Coro Galego Brétemas e Raiolas. Contén colaboracións literarias e traballos sobre diversos aspectos da cultura galega, especialmente sobre a música e os coros e inclúe artigos nos que se fan varios chamamentos á mocidade emigrante para que non esqueza as súas orixes e participe nas actividades da colectividade. A revista complétase cunha breve descrición da historia do Coro e doutras institucións culturais galegas e un programa dos actos que van ser celebrados.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1958

***Correo de Galicia******Órgano de la colectividad gallega en la República Argentina. Es el periódico regional de mayor circulación en la Argentina y Uruguay***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación de información xeral recolle as actividades das diferentes institucións de emigrantes e as novas acaecidas na colectividade galega no Río da Plata («Sociedades», «Noticias varias», etc.). Tamén aparecen notas sociais e biográficas, noticias de interese para os emigrantes (proxectos de lei, búsquedas de persoas, información consular, etc.) e novas locais, principalmente culturais e recreativas (teatro, hipódromo, etc.), noticias da actualidade galega («Información Regional» ou «De Interés Regional») e comentarios sobre a súa situación social, política e económica. Por último, contén diferentes colaboracións e artigos que se achegan á vida cultural galega e traballos de creación literaria.

A orientación ideolóxica da revista asume posturas galeguistas e mesmo republicanas durante a ditadura de Primo de Rivera, ata tomar postura en 1936 a favor do bando franquista. Posteriormente, en 1945 pasa a denominarse «Nuevo Correo», que foi dirixido por Braulio Díaz Sal, e máis adiante convértese no «Faro de España».

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1919: n. 677-685; 689-698; 694-706,  
1920: n. 712-766,  
1921: n. 768-771; 773-785; 787-819,  
1922: n. 822-873  
1923: n. 874; 877-925  
1924: n. 926-977  
1925: n. 978-1040  
1926: n. 1041-1092  
1927: n. 1093-1144  
1928: n. 1145-1196,  
1929: n. 1199-1249,  
1931: n. 1302-1353  
1932: n. 1354-1405  
1933: n. 1406-1458  
1934: n. 1459-1471; 1477-1510  
1935: n. 1511-1542; 1544-1559; 1561; 1562  
1936: n. 1563-1603; 1611-1614  
1937: n. 1615-1617; 1619-1622; 1626-1627; 1631-1656; 1659-1661; 1663-1665,  
1938: n. 1668; 1675-1678; 1681; 1682; 1703,  
1939: n. 1720-1724; 1726-1730; 1732; 1734-1751; 1753; 1755-1762; 1764-1766,

**Correo de Galicia****Del Grupo Nós de Bos Aires**

**Sociedade editora** Grupo Nós

**Contido:**

Este periódico de información xeral recolle principalmente as novas da colectividade e as actividades das diferentes institucións, visitas de personalidades, etc., incluíndo noticias da actualidade galega (políticas, económicas, sociais) recollidas principalmente dos xornais editados aquí. Outros artigos fan referencia á historia da colectividade, á cultura galega, á emigración, á cociña galega, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 2; 3; 5; 7-10  
1997: n. 11; 21; 22,

**Correo de Galicia****El periódico para los 600.000 hogares gallegos del Río de la Plata**

**Sociedade editora** Ediciones Nós

**Contido:**

Esta publicación de información xeral analiza desde unha óptica nacionalista a situación política española e galega e aborda as noticias da actualidade local arxentina, que aparecen recollidas por provincias. Igualmente informa da situación da colectividade e das actividades das asociacións, como o Centro Gallego e os centros provinciais («Noticias de la Colectividad» ou «De nuestra Colectividad»). Destacan as diversas colaboracións de personalidades galegas sobre diferentes aspectos culturais e complétase con páxinas deportivas, para a muller, de ocio, colaboracións literarias, etc.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1970: n. 117; 118,

***Cuadernos del Café Tortoni******El Tortoni y los españoles. Testimonios***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

**Formato** Orixinal

**Números  
no AEG:** 2004: n. 14 (xuño)

***Cuco Rei******Cantos anos vivirei?***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Este voceiro cultural, do que só se editou un único número en 1970, contén noticias e análises sobre publicacións, representacións teatrais, discursos, exposicións, etc., centradas en autores galegos ou ben de temática galega. Acompáñase dun suplemento que contén unha cantiga de Lorenzo Varela, e dúas recensións de libros, unha delas asinada por S. Fernández Ollarnovo.

**Formato** Fotocopia

**Números  
no AEG:** 1970: n. 1

***Despertar Gallego, El******Órgano mensual de la Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales en la República Argentina***

**Sociedade  
editora** Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales en la República Argentina

**Contido:**

Este xornal foi editado pola Federación de Sociedades Gallegas da República Arxentina e inclúe crónicas e noticias das súas actividades así como información interna da Federación (informes da xunta executiva, consello federal, asembleas, debates, disensións internas etc.); información local galega e da propia colectividade (na que se critica o papel das autoridades consulares); artigos de carácter político, nos que se reflexiona sobre a situación galega e española desde unha perspectiva agrarista (mesmo recollendo ou facendo chamamentos á mobilización agraria). Tamén aparecen traballos cunha temática moi variada sobre a instrución, a cooperación, o antiimperialismo, etc. Esta publicación vai evolucionando, ao mesmo tempo que as correntes dentro da propia Federación, desde unha perspectiva socialista a ter unha orientación nacionalista, o que provoca numerosas controversias na mesma e que ematará coa ruptura da mesma, continuando esta publicación como voceiro do sector nacionalista ata o ano 1930.

**Formato** Microfilm

**Números  
no AEG:** 1922: n. 3; 9; 11; 12  
1923: n. 13-24  
1924: n. 25-42  
1925: n. 43-66  
1926: n. 67-89  
1927: n. 90-113

1928: n. 114-137  
1929: n. 138-161,  
1930: n. 163-183

### ***Diario Español, El***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

**Formato** Microfilm

**Números  
no AEG:** 1905-1923

### ***Diario Español, El***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Este periódico fundado por Justo S. López de Gomara, foi editado en Bos Aires na década dos 20 e 30 do século pasado; aporta noticias sobre as sociedades da colectividade española residente na Arxentina, incluíndo algunhas galegas; aparecen tamén moitos artigos sobre as industrias arxentinas, facendo un amplo análise das posibilidades de expansión das diferentes provincias. Organizan cada ano un concurso de colaboracións literarias que ademais dun premio en metálico, son publicadas no número extraordinario correspondente ao Día da Patria Española (12 de outubro) con varios apartados: premio á mellor novela de ambiente español, á mellor novela de ambiente americano, á mellor poesía libre, contos humorísticos ou ensaio sobre o concepto de patria, etc.

**Formato** Microfilm

**Números  
no AEG:** 1922: n. 12  
1927: n. 12  
1929: n. 12 (abril)  
1931: marzo

### ***Do noso Lar***

***Albúm artístico literario publicado por esta sociedade co motivo das festas dos Remedios***

**Sociedade  
editora** Mondoñedo y sus distritos

**Contido:**

Esta publicación societaria está editada para conmemorar anualmente a festividade da patroa de Mondoñedo, a Virxe dos Remedios. Contén artigos sobre este concello e sobre persoeiros destacados vinculados á comarca, ademais de colaboracións literarias de varios escritores galegos.

**Formato** Fotocopia

**Números  
no AEG:** 1923

### ***Eco de Galicia, El***

***Órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sudamericanas***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación caracterízase por unha liña editorial moi definida na defensa de Galicia e dos galegos, sempre tratando de recuperar o prestixio de Galicia en América. Ademais das seccións puramente informativas da actualidade de Galicia e da colectividade («Noticias de Galicia», «Notas Bonaerenses»), conta con importantes colaboracións de intelectuais galegos que abordan temas da nosa terra, cultura, historia, lingua e literatua, tradicións populares, colaboracións literarias, etc. Cómpre destacar os artigos de Manuel Castro López (director e propietario do xornal) sobre o papel dos galegos na Arxentina, moitos dos que foron publicados posteriormente como libros ou folletos. Outras colaboracións salientabeis son as de José María Cao Luaces (tamén director), Valentín Lamas Carvajal, Waldo Álvarez Insua, José Villamil y Castro, José Rumbo, etc.

**Formato**    Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1892: n. 1-43  
1893: n. 44-63; 69-73; [38]; [73]; [70]; 71-79 (erros tipográficos nos meses de setembro e outubro)  
1894: n. 80-115  
1895: n. 116-151  
1896: n. 152-154  
1897: n. 196; 198-223  
1898: n. 224-259  
1899: n. 260-282; 284-295  
1900: n. 296-300; 302-307; 309-315; 317-331,  
1901: n. 333-367  
1902: n. 368-400; 402; 403  
1903: n. 404-409; 411-439  
1904: n. 440-442; 444; 446-450; 453; 455; 456; 459; 475,  
1905: n. 481; 485; 489; 496-498; 500-511  
1906: n. 512-518; 521-523; 526; 528-532; 534-536; 538-544; 547  
1907: n. 548; 550-556; 558-571; 575-583  
1908: n. 584-596; 599; 601; 603; 609; 610; 613-616; 618; 619  
1909: n. 620-631; 633-653; 655  
1910: n. 656-662; 664; 666-672; 674; 675; 677; 679-684; 686; 690; 691  
1911: n. 692-696; 700; 701; 703-705; 710; 712-719; 721-726,  
1912: n. 755; 756,  
1913: n. 763; 772; 776; 791-794; 796-798  
1914: n. 799-812; 814-817; 819-834  
1915: n. 835-850; 852-863; 865-870  
1916: n. 871-884; 895; 897-900; 902-906  
1917: n. 907-939; [939]; 941  
1918: n. 942-977,  
1919: n. 990-1006; 1010-1016  
1920: n. 1017-1052  
1921: n. 1053-1078; 1088-1096  
1922: n. 1097-1132  
1923: n. 1133-1164; [6115-6118]  
1924: n. [6119-6121]; 1172-1204  
1925: n. 1205-1239  
1926: n. 1240-1258

***Eco de Teo, El***

***Revista mensual***

**Sociedade** [Sociedades de Teo]  
**editora**



**Contido:**

Na asemblea do 26 de decembro de 1915 prodúcese unha escisión na Federación de Residentes de Teo, froito da cal é a aparición desta revista o 10 de marzo de 1916. Aínda que os seus contidos non difiren moito da revista «Teo», obsérvase unha maior preocupación galeguista nesta publicación, sobre todo nos seus colaboradores. Como lema da revista figura na súa portada «Por Galicia. Por el trabajador de la tierra gallega», como unha clara manifestación ideolóxica. Ademais de artigos de defensa do agrarismo e dos intereses do distrito electoral de Padrón, hai tamén información sobre a marcha das sociedades de emigrantes da comarca de Santiago e doutras zonas de Galicia existentes en Bos Aires (son as seccións «Nuestras sociedades» e «Sociedades Regionales»). Outras seccións serían «Temas de siempre», «Reflexiones» de J. Buela, ou «Orientaciones» de Cándido Mogo entre outras.

**Formato**    Microficha  
                  Forocopia

**Números**

**no AEG:** 1916: n. 1-10  
              1917: n. 11-22  
              1918: n. 23-24  
              1919: n. 35-46  
              1920: n. 47-58

***Encina, La******La raíz de España***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación está editada en Arxentina e analiza pormenorizadamente a política e a realidade española dos anos 60 en plena dictadura franquista.

**Formato**    Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1967: n. 1; 2,

***España republicana******Decano de la prensa republicana española en América, propiedad del  
Centro Republicano Español***

**Sociedade    Centro Republicano Español  
editora**

**Contido:**

***Historia de la Sociedad Hispano-brasileira de Socorroes Mútuos Instrução e Recreio******Sociedad Española de Socorros Mutuos***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Publicación societaria onde informan das diversas actividades da entidade, con artigos sobre a colectividade, sobre Galicia e persoeiros destacados, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:**

***Unibero******Boletín Informativo***

**Sociedade editora** Centro Hispano-Brasileiro de cultura  
União Ibérica e Ibero-Americana

**Contido:**

Este boletín informativo está editado para informar aos alumnos dos cursos aos que poden matricularse e da organización dunha viaxe cultural e educativa a España; ademais comenta as diversas actividades do Departamento de Español da IBERO, artigos sobre temas de interese para os seus estudantes, entrevistas a profesores sobre as súas investigacións, traballos literarios, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1998: n. 41; 43; 45,

## Canadá

### Montreal

***Breogán******Boletín Informativo del Centro Gallego de Montreal***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Montreal

**Contido:**

Esta publicación está editada polo Centro Gallego de Montreal como parte das súas actividades culturais. Informa aos socios sobre a organización de diversos actos e conta ademais con páxinas literarias, noticias varias, traballos sobre a situación dos emigrantes, humor e deportes, etc.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1972: n. 1 (agosto),

***Revista deportiva******Centro Gallego de Montreal***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Montreal

**Contido:**

Esta revista deportiva está editada anualmente polo Centro Gallego de Montreal para informar das actividades deportivas desenvolvidas por esta sociedade, ademais de recoller as noticias do mundo do deporte de interese que se organizan nesta cidade canadiana.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1987

### Toronto

***Club Hispano******Centro Social y Cultural Español de Toronto***

**Sociedade editora** Sociedad Recreativa, Social y Cultural de la Comunidad Hispánica de Toronto

**Contido:**

Prensa societaria editada para informar das diferentes actividades organizadas pola entidade editora, dos movementos de contabilidade, noticias de secretaría, etc. Tamén aparecen numerosas noticias extraídas da prensa española (sobre todo noticias sobre o mundo taurino e sobre a situación dos emigrantes españois, axudas, etc.). Hai varias seccións como «Humor», «Páginas de la mujer», noticias deportivas, etc.

**Formato**      Fotocopia  
                    Orixinal

**Números**

**no AEG:**    1ª época:  
                  1968: setembro,  
                  1970: xuño; xullo; agosto; setembro; outubro; novembro; decembro  
                  1971: marzo; abril; maio; xuño; xullo; setembro; outubro; novembro,  
                  1972: xaneiro; marzo; abril; maio; xuño; xullo; agosto; setembro; outubro; novembro;  
                  decembro  
                  2ª época:  
                  1994: febreiro,  
                  1996: abril,  
                  1997: febreiro; marzo; agosto; outubro; novembro,  
                  1998: xaneiro; febreiro; marzo; maio; xuño; xullo; outubro,  
                  1999: xaneiro; febreiro; marzo; abril; agosto; novembro; decembro  
                  2000: xaneiro/febreiro; marzo; abril; maio; xuño/xullo; agosto; setembro; novembro;  
                  decembro  
                  2001: febreiro; abril; maio/xuño; xullo; agosto; outubro; novembro,  
                  2002: xaneiro,  
                  2006: novembro

**Hispano****Centro Social y Cultural Español de Toronto**

**Sociedade editora**    Club Hispano. Centro Social y Cultural Español de Toronto

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada polo Club Hispano de Toronto para informar sobre as súas actividades e sobre a vida da colectividade española alí asentada. Aparecen ademais artigos sobre a cultura española. Conta con seccións de humor, pasatempos, etc.

**Formato**      Orixinal

**Números**

**no AEG:**    1994: febreiro,

# Chile

**Valparaíso****Galicia en Chile****Órgano de la Agrupación Gallega de Valparaíso y portavoz de la Colonia Española en Chile**

**Sociedade editora**    Agrupación Gallega de Valparaíso

**Contido:**

Esta publicación societaria contén información sobre as actividades da entidade editora e contén numerosos artigos de carácter cultural que tratan sobre a historia, arte, literatura e xeografía de Galicia, etc., nun intento de «coadyuvar a intensificar sempre máis el intercambio y las relaciones cordiales existentes entre Chile y la Madre Patria y defender los intereses de sus hijos residentes». Inclúe ademais relatos literarios, poesías, notas bibliográficas, páxinas de humor e reportaxes gráficas.

**Formato**    Fotocopia

**Números**

**no AEG:**    1929: n. 2,  
                  1930: n. 6,

## Colombia

### Medellín

#### *Revista Cultural*

**Sociedade editora**    Centro Cultural Español de Medellín

**Contido:**

Esta revista cultural foi editada polo Centro Cultural Español de Medellín para informar aos seus socios das actividades do centro e da colectividade española asentada no país na sección «España en Medellín». Conta tamén con numerosos artigos de carácter histórico das relacións entre España e América e tamén da cooperación actual entre ambos («España y América» e «Ensayos y Estudios», «Colombia y España»). Aparecen ademais noticias culturais, información sobre libros e conferencias, etc.

**Formato**    Orixinal

**Números**

**no AEG:**    1983: n. 1 (outubro/décembro)

## Costa Rica

### San José de Costa Rica

#### *Correo de España*

#### *Semanario de la colonia española*

**Sociedade editora**    Centro Español de Costa Rica

**Contido:**

Esta publicación foi editada polo Centro Español de Costa Rica para informar á colectividade española alí asentada sobre as noticias que acontecían en España e en todo o mundo (por países) (coas seccións «Noticias de Europa», «América Latina», «Política española», «España. Noticias generales»). Na portada de moitos números aparecen reproducións de monumentos arquitectónicos españois ou de destacados políticos ou prohombres da colectividade; aparecen tamén noticias sobre escritores e actos culturais. Hai que destacar o número extraordinario correspondente ao 12 de outubro de 1908

dedicado á figura de Cristóbal Colón e ao descubrimento de América. Teñen como lema da publicación «Fundado para estrechar los lazos que unen a ambos países».

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1908: n. 1-12; 14-18; 20-33  
1909: n. 34-73; 75-76,

## Cuba

### A Habana

***Airiños d'a miña terra***

***Revista decenal ilustrada***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Informativos sobre a colonia galega de Cuba (concretamente sobre o Centro Gallego da Habana e outras sociedades comarcais e locais) e sobre o que acontece en Galicia. Conta tamén con colaboracións literarias de carácter culto ou popular (contas e poemas), con importante uso da lingua galega e da exaltación da terra nai e das súas xentes.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1909: n. 1-11

***Alborada, La***

***Órgano de la colonia gallega en Cuba***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Publicación sobre a colectividade galega na illa de Cuba con noticias sobre as entidades de emigrantes, persoeiros destacados, etc.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1912: n. 1-6, 8, 9

***Alma Gallega***

***Órgano radical de las aspiraciones de la región***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta revista foi editada desde 1917 e estivo dirixida por Luis E. Rey. Foi unha publicación semanal, da que saíron poucos números e na que se realizaban críticas aos que promovían a división entre os emigrantes, amosándose favorábel á acción do Centro Gallego e informando das súas actividades. Inclúe colaboracións literarias e artigos de temática variada (emigración, agrarismo, etc.). Entre os



seus colaboradores destacan Salvador Rueda, Alfonso Camín, E. Mal de Vizoso, José M. Calveiro, Abdón Rodríguez Santos, entre outros.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**  
**no AEG:** 1917: n. 2-4

### ***Bohemia***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**  
Publicación cubana de información social e cultural.

**Formato** Fotocopia  
Edición facsimilar

**Números**  
**no AEG:** 1915: n. 17 (25 abril)  
1933: n. 44 (decembro)

### ***Boletín de la Asamblea de Apoderados del Centro Gallego de la Habana***

**Sociedade** Centro Gallego de la Habana  
**editora**

**Contido:**  
Este boletín informativo aparece por primeira vez no ano 1915 na Habana editado polo Centro Gallego. Nesta publicación recóllense as actas e debates da Asamblea de Apoderados, máximo órgano directivo do Centro Gallego.

**Formato** Fotocopia

**Números**  
**no AEG:** 1960: outubro (7),

### ***Cova Céltiga***

***Uso exclusivo e interno de la comunidad española de Cuba***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**  
Esta publicación aparece no ano 2000 dirixida por Felipe Cid Domínguez, e pretende achegar á colectividade ás novas que acontecen na Illa de Cuba e que lle poden interesar a colectividade galega alí asentada.

**Formato** Fotocopia

**Números**  
**no AEG:** 2002: xullo/agosto,

### ***Cultura Gallega***

***Publicación quincenal: Literatura, Arte, Historia, Geografía, Gráfica, Informativa***

***Mensuario Regional Español de Literatura, Arte, Historia, Geografía, Gráficos e Informaciones de Galicia y de la Colonia Gallega de Cuba***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación foi dirixida por Adolfo V. Calveiro que ademáis foi un dos seus fundadores, xunto a Jesús Iglesias Surribas e José Gómez García. Esta revista ilustrada de información xeral creouse co obxectivo de divulgar a cultura galega en Cuba (literatura, arte, historia, os seus autores, etc.) e contou coa colaboración de importantes personalidades galegas que ofrecen unha visión dos problemas de Galicia desde unha perspectiva galeguista. Tamén informa das novas da actualidade galega («Noticias de Galicia»), a vida da colectividade («Vida social de la colonia») e as actividades de sociedades como Hijas de Galicia, Centro Gallego ou Agrupación Artística Gallega. Inclúe diferentes colaboracións literarias e unha sección bibliográfica. Edita coleccionables por entregas como a obra do periodista e escritor galego Juan Beltrán Muíños: «Concepción Arenal y sus obras». Durante a Guerra Civil abandona os postulados galeguistas e republicanos anteriores e apoia a causa franquista, cambiando en 1940 o seu nome polo de «Cultura Hispánica».

**Formato** Edición Facsimilar  
Orixinais

**Números**

**no AEG:** 1936: n. 1-18  
1937: n. 19-42,  
1938: n. 49/52 (abril/ maio); 59/60 (setembro); 61/64 (outubro/novembro); 65/66  
(decembro)  
1939: n. 67 (xaneiro),

***Cultura Hispánica***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Publicación onde informan das diversas actividades da colectividade española e galega en Cuba.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1958

***Eco de Galicia***

***Revista gráfica y de información de la colonia gallega en Cuba***

**Sociedade  
editora** Empresa de Publicidad Galiciana

**Contido:**

Esta publicación foi fundada por Manuel Fernández Doallo e ademais del, foron directores entre outros Mercedes Vieito Bouza, Faustino López Méndez e Hilario Ramón Alonso. Trátase dunha revista de temática moi variada que incluía artigos informativos sobre as institucións galegas, noticias sociais, artigos políticos, biografías, bibliografías, traballos históricos, xeográficos, económicos, culturais e unha «páxina nazonalista». Contiña varias seccións que tiveron continuidade como «Correo de Galicia», centrada en novas galegas agrupadas por provincias; «Vida de la Colonia», sobre as actividades das sociedades (principalmente no aspecto lúdico, como xiras, festas, banquetes, publicación de directivas, etc.); «Marcando orientacións», especie de editorial sen asinar; «De mi tierra» escrita por José Lesta Meis, que incorporaba artigos variados.

**Formato** Edición Facsimilar  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1917: n. 1-26  
1918: n. 27-77,  
1921: n. 138,  
1922: n. 173-181  
1923: n. 182-185; 188-192; 196-201; 204; 205

***Eco de Galicia, El******Revista semanal de Ciencias, Arte y Literatura*****Sociedade  
editora****Contido:**

Esta revista semanal foi unha publicación de información xeral, creada por Waldo Álvarez Insua coa finalidade de que «sea el defensor de nuestros intereses, de nuestro buen nombre y una prueba de nuestra cultura e ilustración». Ademais de Waldo Insua exerceron o cargo de directores: José Ruibal y Nieto, Juan Manuel Espada e Eduardo Sarmiento entre outros.

Inclúe artigos de temática variada sobre Galicia, prestando unha especial atención ás noticias galegas e das sociedades de emigrantes, e desde a mesma foi impulsada a fundación do Centro Gallego da Habana. Entre as súas seccións destacan o «Editorial» con temas variados e que xeralmente está asinado polo director, «Noticias de Galicia» (novas locais galegas agrupadas por provincias), «Variedades» (notas variadas sobre individuos, publicacións, despedidas, etc.).

**Formato** Edición Facsimilar  
Fotocopia  
Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1878: n. 1-30  
1882: n. 3; 4; 6-13; 16-18; 20-27  
1883: n. 28; 30-39; 43; 45; 46; 48-79  
1884: n. 80-131  
1885: n. 132-183  
1886: n. 184-235,  
1888: n. 289-340  
1889: n. 341-392  
1890: n. 393-444  
1891: n. 445-496  
1892: n. 497-549  
1893: n. 550-553; 564-601  
1894: n. 602-607; 609-653  
1895: n. 654-705,  
1897: n. 758-809  
1898: n. 810-862  
1899: n. 863-909  
1900: n. 910-957  
1901: n. 958-964; 966-967; 969-973; 977-984; 986-993; 995-997; 999-1006  
1902: n. 1007-1009; 1011-1013; 1015; 1016; 1019; 1025

***Ecos de Cuba******Revista decenal del Avisador Comercial*****Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación decenal (publicábase os días 10, 20 e 30 de cada mes, coincidindo coa saída dos barcos correo cara a Península Ibérica) apareceu pouco despois do estoupido do conflito independentista cubano en 1895 e foi concebida como un sumario dos feitos que ocurrían en Cuba para manter informados a aqueles que, en España, estaban interesados na situación da illa. Defensora da soberanía española sobre Cuba, constitúe unha crónica que dá a coñecer un episodio fundamental da historia cubana: informa sobre as batallas e escaramuzas das tropas, sobre as condicións económicas nas cidades e no campo, as tácticas militares e as figuras máis importantes dos dous bandos. Tamén fala dos partidos políticos cubanos, dos órganos de prensa existentes na illa, dos barcos que visitan os seus portos e a tendencia intervencionista dos Estados Unidos cara Cuba. Reproduce proclamas, documentos e cartas que reflexan as crenzas daquelas personalidades que dirixiron a guerra. Destacan as colaboracións de Martínez Campos, Weyler, Martí, Gómez ou Maceo.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1895-1898: decena 1-113

***España integral******Revista mensual ilustrada***

**Sociedade editora** A.C.E. "España Integral"

**Contido:**

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1924: n. 1 (novembro),

***Follas Novas******Semanario gallego***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta publicación comeza a editarse na Habana en 1897. Estivo dirixida por Antonio de P. Cea que fora o seu fundador xunto con J. Ramil, Alfredo Sánchez e Adelardo Novo. Foi unha revista de información xeral, que abordaba a situación e a vida social das colonias galega e española en Cuba, amosando unha especial preocupación pola identidade de Galicia desde postulados galeguistas, polo que abordaba temas e actividades do galeguismo. Tamén recollía en diversos artigos aspectos históricos, políticos, económicos, sociais e culturais de Galicia. Publicou diversas obras por entregas.

Colaboraron nela entre outros os seguintes intelectuais galegos: Manuel Murguía, Laureano Rodríguez, Aurelio Aguirre Galarraga, Juan Manuel Espada, Leoncia Varela, José M. de Arrarte, José Lenzano, J. Ruiz, José Villar Santo, Álvaro de la Iglesia, Delmiro Vieites, Secundino Baños, Ricardo Rodríguez, J. M. Fernández, J. Fernández Merino, Francisco Javier Ramil, Antonio P. Cea, Ramón Míguez, Xan da Masma, etc.

**Formato** Microficha  
Fotocopia  
Edición Facsimilar (1905)

**Números**

**no AEG:** 1897: n. 1-5; 7-11; 13-26; 28-30  
1898: n. 31; 32; 36-40; 42-45; 47-49; 64; 66-71  
1899: n. 87-90  
1900: n. 152  
1902: n. 280; 283

1903: n. 292; 299; 329; 330; 333; 334; 339; 340  
1904: n. 359; 360  
1905: n. 431-436; 439; 440; 442; 444 (ano completo na edición facsimilar)  
1907: n. 533-552  
1908: n. 553-573; 575-593; 595; 597; 600  
1909: n. 159-162

## ***Gaita Gallega, A***

### ***Repinica muíneiras, alboradas e fandangos, unha vez ó mes***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación foi fundada por Ramón Armada Teijeiro («Chumín de Céltigos») e Manuel Lugrís Freire («Roque d'as Mariñas»), que tamén foron directores da obra. Destaca por ser a primeira publicación escrita integramente en galego en América. Reproduce colaboracións literarias, artigos costumistas, notas biográficas, contos populares, etc. Contén colaboracións de carácter literario en prosa e verso e algunhas noticias da actualidade. Foron colaboradores habituais: Manuel Amor Meilán, Manuel Curros Enríquez, Xavier Valcarce Ocampo, Marcial Valladares, Eduardo Pondal, Xenaro Mariñas ou Enrique Labarta Pose entre outros. Ten dúas épocas editoriais; na segunda, en xullo de 1889, aparece como suplemento de «El Eco de Galicia».

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1ª época:  
1885: n. 1-6  
1886: n. 7-13  
1887: n. 14-17  
2ª época:  
1889: n. 1-3

## ***Galicia***

### ***Revista semanal ilustrada***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Publicación na que se informa sobre as diversas actividades da colectividade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1902: n. 1-23  
1903: n. 1-40, 42-52

## ***Galicia gráfica***

### ***Publicación Semanal***

**Sociedade  
editora** Galicia Gráfica

**Contido:**

Esta publicación semanal foi editada en 1913 e dirixida por Ramiro García para dar información xeral recollendo noticias de Galicia («De la Región») e da colectividade galega en Cuba («Actualidades»). Tamén incluía artigos de carácter literario e poemas, tendo colaboradores como Ramón Cabanillas,

Eugenio Mañach, Xesús Rodríguez Bautista, Filomena Dato Muruais, Perfecto Franco Montero, M. Carrillo Cortizas, Segundo Mosquera, Rufino Pazos, Fray Roblanto, A. Rodríguez Santos, Domingo J. Freijomil, F. Mirabert Vilaplana, etc. En Galicia destacan como correspondentes a Eugenio Carré Aldao e J. Cea (ambos na Coruña), Manuel Amor Meilán (Lugo) e Jesús Rey Alvite (Santiago).

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1913: n. 1-4; 8-10

***Galicia Moderna***

***Semanario de intereses generales***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta publicación foi dirixida por José Novo García, tamén fundador, e Enrique Novo. A súa finalidade era dar información xeral, con noticias de Galicia, sempre cunha especial preocupación polos temas culturais e aparecen diferentes artigos e colaboracións artísticas (poesía, obras teatrais). O resto da publicación recolle as actividades do Centro Gallego e das asociacións de emigrantes galegas así como da situación da colectividade galega na Habana. Como colaboradores participaron destacados escritores como Manuel Murguía, Manuel Lugrís Freire, Eduardo Pondal, Luis Taboada, Antonio de San Martín, Esperanza Roca, M. López Prado, A. L. Baró, K. Inzo, Benito Fernández Alonso, Ramón Fernández Vila, Manuel Fernández González, Aurelio Fuentes Ortiz, Manuel Formoso Lamas, Fernando Fulgosio, Alberto Garcia Ferreiro, Juan Garcia, Gaviño, Maximino Fernández, José Maria Domenech.

**Formato** Edición Facsimilar - CD-ROM

**Números**

**no AEG:** 1ª época:  
1885: n. 1-35  
1886: n. 36-87  
1887: n. 88-139  
1888: n. 140-192  
1889: n. 192-201; 205; 206; 210; 211  
2ª época:  
1890: n. 1-9,

***Heraldo de Galicia***

***Periódico consagrado a los intereses del pueblo galiciano y paladín de la colonia gallega en Cuba***

**Sociedade editora** Empresa de Publicidad Galiciana

**Contido:**

Este xornal fundado por Manuel Fernández Doallo, ofrecía aos seus lectores información xeral, abordando principalmente asuntos galegos, en especial noticias de Galicia (cinco páxinas están dedicadas á sección «Noticias de Galicia») e da colectividade (na sección «Vida de la Colonia», na que aparecen referencias aos actos sociais e das institucións) e colaboracións literarias (contos, poesías, etc.). Entre os colaboradores destacan Mercedes Vieito Bouza, Fernando Penalba, Vicente González Paratcha, Roberto Blanco Torres, Avelino Rodríguez Elías, Agustín Ribas Sánchez, Juan Arévalo Viéites, Inocencio González, Modesto Prieto Camiña, Manolo González R., Alejandro Prieto, José M.<sup>a</sup> Calveiro, etc. Tiña unha ampla rede de correspondentes en Galicia e Cuba.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1933: n. 62-80  
1934: n. 81-92  
1935: n. 93-100; 102,

***Ideal Gallego******Paladín de la cultura******Defensor de la Colonia Gallega de Cuba y Órgano Oficial del Comité Representativo de Sociedades Gallegas***

**Sociedade** Comité Representativo de Sociedades Gallegas de Instrucción  
**editora**

**Contido:**

Este xornal é a continuación do que se creara no ano 1926, dirixido de novo por José M. Sánchez Brea, propietario dos mesmos. Foi unha publicación que pretendeu defender os dereitos dos galegos de Cuba e ser o voceiro do Comité Representativo de Sociedades Gallegas de Instrucción, centrándose nas actividades e temas relacionados directamente coas entidades que integran o comité, dando preferencia ás de carácter cultural, e nas novas sociais e de actualidades da colonia cubana. Conta tamén con seccións literarias («Hilos cruzados», «Divagación», «Charlas»), divulgativas («Para el Hogar»), sociais («Cosas que resaltan», «Filigranas»), de actualidade («Recortes y Apuntes», «Actualidades», «Motivos de New York», «Temas Cubanos») e outras (como «Temas deportivos», «Teatro», «Viajando por España», «Pensamientos», «Trancazos», «Guasa y coloquios», «Fungueirazos», «Trallas y lacayos», «Explosivos deportivos», «Pequeñas pociones», etc.).

A maior parte dos artigos están asinados con seudónimos como Doble EME, Kevedo, Bas-i-ior, H de Pesar, Juan Miguel (El Pesao), Attache, Fray Loco, Don Celso, Magazine, Tomás Potestad, El vate de Luyano, .... Entre as outras autorías podemos sinalar a Secundino Baños, Josefina Bellavista y del Riego, Manuel Otero Carreiras, Luis Reinante Losada, José L. Villaamil, Modesto Prieto Camiña, Eladio Moreira, José de Quintas, Vicente Garza, Adolfo Anta y Espino, Enrique Cobos, Roibás Cordero, Mario Cavaradosi, Carmiña Prieto Rouco, Manuel Mariño, G. Barral, Manuel Otero Carreiras, José Arca Castro, Manuel Lustres Rivas, J. G. Barros, J. M. Sánchez Brea, Pedro Echeverría, etc.

**Formato** Microficha

**Números**

**no AEG:** 2ª época:  
1928: n. 55; 63,  
1929: n. 69; 71-74; 76-79; 81-84; 86-89; 91; 92  
1930: n. 93-99; 101; 102

***Ideal Gallego Magazine******Defensor de la Colonia Gallega de Cuba y Órgano Oficial del Comité Representativo de Sociedades Gallegas***  
***Publicación regional ilustrada***

**Sociedade** Comité Representativo de Sociedades Gallegas de Instrucción  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación está moi vinculada á edición do xornal «El Ideal Gallego» (vid. ficha), pensamos que era un suplemento do citado xornal. Centra a súa información nas actividades e temas relacionadas directamente coas sociedades que integran o Comité Representativo de Sociedades Gallegas de Instrucción, dando preferencia aos temas culturais e á actualidade da colonia galega residente en Cuba.

**Formato** Microficha

**Números**

**no AEG:** 1928: n. 63,  
1929: n. 69; 71-74; 76-79,

***Ideal Gallego, El***

***Revista semanal: Órgano de las Sociedades de Instrucción. Defensor de los intereses de las mismas y de la colonia***

**Sociedade** [Sociedades de Instrucción]  
**editora** [Comité representativo de Sociedades Gallegas de Instrucción]

**Contido:**

Esta publicación foi creada coa finalidade de ser o «órgano de la prensa de las sociedades gallegas de instrucción federadas, portavoz de sus actos oficiales y de propaganda de sus fines». Dirixida por Casimiro Fernández, estivo centrada na difusión do labor a prol da instrucción en Galicia impoñéndose «como obligación inmediata la creación y sostenimiento de planteles de enseñanza en las villas y aldeas de que son sus nativos». Atendendo a estas finalidades a revista está centrada nas actividades das sociedades galegas de instrucción e na vida da colonia, así como en informar sobre cuestións como a situación económica galega e a súa necesidade de modernización, o ensino, o movemento agrario e os foros, etc.

**Formato** Fotocopia  
Microficha

**Números**

**no AEG:** 1909: n. 1; 2; 4-7,

***Labor Gallega***

***Ilustración mensual: Órgano de las Sociedades Gallegas de Instrucción***

**Sociedade** [Sociedades Gallegas de Instrucción]  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación foi editada en 1913 co lema «Todo y todos, fraternalmente -por honor, por amor, por deber- en beneficio del mayor esplendor y gloria de nuestra incomparable Galicia».

Foi fundada e dirixida por Juan Vicente Martínez Quelle, como voceiro das sociedades galegas de instrucción: «Sólo nos guía un propósito: el de coadyuvar a la grande obra de las sociedades gallegas de todos los matices, aspirando ser su portavoz y su más decidido campeón en la noble liza, en el pugilato inmensamente sublime, para el engrandecimiento material y moral de nuestra idolatrada patria». Cunha notable calidade artística e literaria, inclúe información sobre as actividades das distintas sociedades instrutivas e das delegacións do Centro Gallego; aparecen tamén artigos sobre temática galega ( xeografía e historia de Galicia, cultura, loita agraria, etc.). Atópanse ademais relatos literarios, poemas, artigos sobre personaxes ilustres pertencentes ao eido da cultura galega, etc.

Aparecen colaboracións de destacados literatos e persoeiros galegos como Manuel Gondell Linares, M. Oseira, Catelle Mendes, J. Domínguez, Vicente Barros, Luis Amor, J. Piñón Malo, José del Valle Moné, Eduardo S. Serrano, Juan Casifranco, Aniceto Valdivia (Conde Kostia), Domingo Villar Grangel, Matías Usero Torrente, Rodolfo Prada, Jotabé, Alfredo de la Iglesia y Santos, Xusto do Pazo, Sofía Casanova, J. Pérez Ballesteros, Francisco Barral, M. Carrillo Cortizos, Manuel Díaz, Jesús Rodríguez Bautista, Emilio Martínez.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1913: n. 1  
1914: n. 6; 7  
1915: n. 1-7  
1916: n. 1-7  
1917: n. 1-3



## **Lar**

**Órgano de "Afirmación y Defensa", al servicio de los intereses generales de la colonia gallega**

**Sociedade** Centro Gallego da Habana  
**editora**

### **Contido:**

Esta publicación apareceu en 1940, editada polo partido do Centro Gallego, «Unión y defensa pro Centro Gallego» e dirixida por Eladio Vázquez Ferro. Entre os seus colaboradores destacaron: Ramón del Campo, Manuel Otero Cores, Ramón Toubes, Juan Rodríguez Fuentes, Adrián Ponte. A súa finalidade era defender o labor realizado por esta facción dentro da dirección do Centro Gallego e descalifica as propostas dos outros partidos que concorren ás eleccións.

**Formato** Edición Facsimilar

### **Números**

**no AEG:** 1940: n. 1,  
1941: n. 7; 8

## **Loita**

**Órgano de "Hermandad Gallega"**

**Sociedade** Hermandad Gallega pro Centro Gallego de La Habana  
**editora**

### **Contido:**

Esta revista foi creada en decembro de 1939 na cidade da Habana, editada como voceiro da Hermandad Gallega, pro-Centro Gallego de La Habana, e baixo o lema «Lee y compara. Eso nos basta. Nuestra misión: prestigiar lo que ellos desprestigian». Foi dirixida por Xerardo Álvarez Gallego e entre os seus colaboradores destacan: Basilio Álvarez, Alfonso R. Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Enrique Líster, Eduardo Blanco Amor. En canto ao contido nesta publicación abordábase a problemática dentro do Centro Gallego, cunha forte crítica á xestión da súa directiva, encabezada por Cayetano García Lago. En xullo de 1940 editan un número extraordinario con motivo do Día de Galicia.

**Formato** Edición Facsimilar

### **Números**

**no AEG:** 1940: n. 2-8; 10; 11

## **Nós**

**Órgao da Xuntanza Nazonalista Galega d'a Habana**

**Sociedade** Xuntanza Nazonalista Galega d'a Habana  
**editora**

### **Contido:**

Esta publicación foi editada en 1921 como voceiro da Xuntanza Nazonalista Galega d'a Habana e dirixida por Sinesio Fraga Vila. Foi unha revista de carácter político, coa finalidade de informar, na sección «Novas da Causa», das actividades do movemento nacionalista en Galicia e Cuba. Ao mesmo tempo fomentaba as ideas galeguistas na illa e tiña unha finalidade cultural con artigos sobre a literatura e a lingua galega. Entre os seus colaboradores destacaron: Andrés Rodríguez Orjales, Tomás Rodríguez Sabio, Camilo Díaz Seoane, F. G. Gómez, Xavier Pardo, Óscar Fraga Gómez, A. Legazón e Xosé Arias Portela.

**Formato** Fotocopia

### **Números**

**no AEG:** 1921: n. 1,

## ***Pro-Galicia***

### ***Revista mensual ilustrada***

**Sociedade editora** Federación Galaica de Sociedades de Instrucción

**Contido:**

Esta publicación foi editada como voceira da Federación Galaica de Sociedades de Instrucción de Cuba coa finalidade de informar dos traballos que realizaban as sociedades galegas de instrucción. Segundo eles mesmos «sus tendencias no son políticas ni religiosas; ocupáse exclusivamente de divulgar los conocimientos modernos en materia de enseñanza elemental y agropecuaria» como medio de obter unha renovación completa dos procedementos usados pola poboación rural de Galicia. Segundo estes propósitos, a maior parte da publicación está dedicada a informar das actividades das sociedades, noticias sociais, novas sobre inmigración e o traballo dos galegos en Cuba, en xeral. Por último achega información sobre a actualidade galega. Acompaña unha obra por entregas de Concepción Arenal «La instrucción del pueblo», e unha lámina solta co título «Gallegos ilustres», con fotografías de Manuel Curros Enríquez, Concepción Arenal e Rosalía de Castro, a modo de colecciónábel. Foron colaboradores da revista entre outros, Luis Antón de Olmet, José Ramudo, Basilio Álvarez, Manuel Curros Enríquez, Prudencio Canitrot, Torrari, Manuel García Vázquez, Guezmindo, J. D., Markell, Manuel Vázquez, E. Saavedra, José Lapique y Adrio, etc. Tiña unha rede ampla de correspondentes en Galicia, en lugares como Merille, Xerdiz, Muras ou San Pantaleón.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1912: n. 1; 2  
[1913]: n. 3; 4

## ***Revista mercantil***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta revista publicábase conxuntamente con «Ecos de Cuba» coa finalidade de informar aos cubanos sobre os movementos mercantís na illa, sobre os prezos dos produtos chegados ao porto da Habana, postos de venda, mercado monetario, cotizacións do ouro e a prata e da bolsa, etc.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1898: n. 12 (agosto, 20)

## ***Santos e Meigas***

### ***Revista gallega semanal ilustrada***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta publicación foi unha revista ilustrada de carácter rexionalista, que exaltaba a Galicia, a súa lingua e os seus valores. Contén crónicas das actividades das institucións, noticias de Galicia, colaboracións literarias, etc. Foi fundada e dirixida por Ricardo Carballal, contando con colaboradores con Pedro Madrigal (director artístico), Emilia Pardo Bazán, Juan Barcia Caballero, Enrique Labarta Pose, Roberto Blanco Torres, Manuel Curros Enríquez, A. L. Baró, Emilia Pardo Bazán, Prudencio Rovira, José Baña Pose, Pocapena, Aureliano J. Pereira, etc.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**  
**no AEG:** 1908: n. 1-6

## ***Suevia***

### ***2ª xeira: Revista ilustrada Revista gallega***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación semanal foi editada en 1910 e dirixida por Ricardo Carballal Lafourcade (director-administrador). Podemos encadrala na prensa cultural ilustrada que informaba das actividades das entidades da colonia galega en Cuba con amplas reportaxes gráficas sobre os distintos actos sociais, sen deixar de mencionar a exposición das noticias máis destacables das provincias galegas. Tivo numerosas colaboracións literarias como as de J. Peynó, S. T. Solloso, Fernando Caruncho, Ricardo Carballal Lafourcade, Prudencio Canitrot, Fray Canteiro, Germán González y Rodríguez, Ricardo de Suevia, M. Diéguez, José Lesta Meis, N. Vidal Pita, Fray José Sarasola, Eugenio López Aydillo, Carlos Castellanos, etc.

**Formato** Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1910 : n. 3-12  
1912 : n. 1; 3-8; 10-27; 29-35; 37

## ***Tierra Gallega, La***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Semanario que toma o título da publicación editada por Curros Enríquez en 1894. É moi crítica coa actuación da directiva do Centro Gallego da Habana. Conta ademais con novas da actualidade de Galicia e colaboracións literarias.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1915: n. 1-5

## ***Tierra Gallega, La***

### ***Periódico bisemanal de intereses regionales***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación foi fundada por Manuel Curros Enríquez como unha revista de información xeral, que abordaba a vida e a actividade da colonia, especialmente do Centro Gallego e da Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia. Tamén inclúe novas de Galicia, que aparecen en varias seccións; unha que corresponde ás noticias locais agrupadas por provincias, «Las cuatro hermanas», e outra denominada «Crónicas gallegas», sección de noticias galegas asinada por Galo Salinas Rodríguez, enviadas desde A Coruña. Complétase con poesías, artigos sobre historia, literatura e un folletín por entregas (reproducción de novelas de literatos galegos famosos como Aurelio Ribalta, Benito Vicetto, José Ojea ou Florencio Vaamonde Lores).

**Formato** Microfilm  
Edición Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1894: n. 2-50  
1895: n. 51-102  
1896: n. 103-146; 147 (suplemento)

***Unión Mugardesa de Instrucción******Boletín Social***

**Sociedade** Unión Mugardesa  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada pola sociedade Unión Mugardesa para informar aos seus asociados das diferentes actividades organizadas pola entidade en pro da instrución na súa terra natal, prioridade da sociedade, ademais de salientar todo o que acontecía na súa terra natal.

**Formato** Dixitalizado

**Números**

**no AEG:** 1918: n. 4 (extra)  
1922: n. 5; 6

***Vida Gallega******Órgano oficial de la Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia:  
publicación mensual***

**Sociedade** Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación foi o voceiro da Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia desde 1938 e ata 1954, e estivo dirixido por Antonio do Campo de la Fuente. Podemos encadrala como prensa societaria onde se describen as actividades da institución patrocinadora, completadas con diversos artigos sobre a historia, literatura e cultura galegas. Moitos deses artigos estiveron asinados por destacados literatos como María Pérez Gago, Antonio Rey, Ramón Fernández Mato, Rosalía de Castro, Manuel Carmona, Francisco Marcos Raña, Josefina Camaño, Ramón M.<sup>a</sup> del Valle-Inclán, E. Fernández Arrondo, José Rubianes, José Ramón Suárez Castiello, Ramón Marcote Miñarzo (Marco Aurelio), José López Pérez, Mouriño ou A. do Campo.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1938: n. 7  
1939: n. 20,  
1940: n. 32,  
1941: n. 37-38; 41,  
1942: n. 47; 49,  
1943: n. 59-60; 61,  
1944: n. extra  
1945: n. 74-75,

***Vida Gallega en Cuba, La******Órgano oficial de la Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia***

**Sociedade** Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria comezou a editarse o 1 de xaneiro de 1950 e rematou o 1 de abril de 1960. Foi unha publicación de tirada moi irregular con varios directores como Antonio do Campo de la Fuente, Ramón López Prado, Francisco Carballas Feijoo e Julio Vila Rodríguez. Foi publicada simultaneamente á «Vida Gallega» desde 1949 ata 1954, ano no que deixa de editarse esta última. Recolle información sobre temas e actividades da entidade promotora e sobre Galicia (cultura, lingua, historia, etc.) e cómpre sinalar a inclusión na mesma da memoria anual da sociedade, na que aparecen os balances financeiros, listados nominais das contribucións, informes sobre o labor social, as comisións, a distribución de axudas ou auxilios, acordos das xuntanzas xerais e directivas, composición da directiva, dos comités, cadro estatístico sobre a natureza dos socios (desagregados a nivel provincial, etc.). Na comisión do Panteón, dentro da memoria social, inclúe un listado nominal das persoas inhumadas no Panteón, ofrecendo o nome, idade, data de inhumación e a súa procedencia (cando son galegos identifican concello e provincia).

Entre os seus colaboradores podemos citar a José Rubinos, Prudencio Landín, Ramón Fernández Mato, José M. Valencia, Manuel González, Eduardo Núñez Martínez, Ramón Fernández Pousa, José Almoína Torres, Wenceslao Fernández Flórez, Enrique Chao Espina, Eladio Vázquez Ferro, Emilia Pardo Bazán, Asieumedre, José Luis Bugallal, Sousa Costa, Guerra Junqueiro, Alfonso Vázquez Martínez, Julio Dantas, Antonio do Campo ou Juan Naya Pérez.

**Formato** Orixinal  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1949: n. 1  
1950: n. 3  
1952: n. 5  
1958: xaneiro-abril  
1960: n. 18

***Vivero en Cuba******Revista de la Ilma. Sociedad Vivero y su comarca***

**Sociedade** Ilma. Sociedad Vivero y su comarca  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria comezou a editarse en 1911 como voceiro da sociedade de instrucción Vivero y su comarca. Esta revista responde ao arquetipo das publicacións de sociedades: descrición das súas actividades, noticias da comarca, artigos diversos sobre Galicia, notas sociais e páxinas literarias. Tiveron como lema da publicación os seguintes ditos tomados de insignes reformadores como «Cada escuela que se abre, es una cárcel que se cierra», «Instruirse es una obligación», «El salvador fue maestro», «La instrucción es de necesidad pública» (Concepción Arenal) «El primer deber de un ciudadano es instruirse. El segundo es trabajar. Quien funda una escuela civiliza. Quien educa hombres hace patria» (J. N. Aramburu).

Estivo dirixida por Jesús Peynó, Francisco Docal, M. Barreiro, F. Almoína, X. Del Valle Mora, A. Fernández e foron colaboradores habituais J. M. Riguera Montero, Constantino Horta, José del Valle Moré, Perfecto Cobo García, Vicente Otero Cao, E. Saavedra L, P. M. T., Pascual Ramos, Andrés Prieto, Francisco Docal, José T. Pit, Miguel Roldán, Enrique Chao Espina, Alberto Michelena, Perfecto Guerreiro Santín, José Rivas y Pernas, Eduardo Núñez Martínez, D'Arxellas, Jorge Castelo Briz, Blanca Espinar ou César Michelena Rebellón.

**Formato** Dixitalizada - impresa

**Números**

**no AEG:** 1954: maio

## Estados Unidos

## California

### *Anduriña*

#### *Portavoz de la Peña de Galicia del C.E.O.C.- California*

**Sociedade editora** Peña de Galicia del C.E.O.C.- California

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada pola Peña de Galicia de California coa finalidade de informar aos seus socios das súas actividades e achegar Galicia aos galegos residentes en Estados Unidos. Contén principalmente noticias sobre o labor realizado por esta entidade e os seus membros («Falar da nosa Peña», «Sociedade»), información dos acontecementos da Galicia actual e, en menor medida, outros contidos como literatura galega, receitas de cociña («La cocina en Anduriña»), humor, pasatempos e cultura popular.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1992: n. 3; 4  
1994: n. 7; 8  
1995: n. 9  
1996: n. 10  
2000: n. 13  
2001: n. 14

## Florida - Tampa

### *Boletín obrero*

#### *Órgano de propaganda organizadora*

**Sociedade editora** Centro Obrero de Tampa

**Contido:**

Esta publicación anarquista foi editada en Tampa como voceiro do Centro Obrero de Tampa, para informar aos traballadores dos seus dereitos e inxusticias que se cometen contra eles.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1903: n. 6; 10; 11; 13; 15-17,

### *Federación, La*

#### *Órgano oficial de los Gremios de torcedores, rezagadores y escojedores de Tampa*

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta publicación anarquista comezou a editarse en 1899 en Tampa (Florida) como voceiro dos gremios federados de Tampa, para informar sobre as súas actividades e loitas por conseguir unha mellor situación dos obreiros, con análises sobre o ideario anarquista e socialista. Aparecen noticias en italiano.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1899: n. 2  
1900: n. 12; 15; 16; 49; 55  
1901: n. 68; 91

***Federal, El******Órgano oficial de la "Unión Federal del Estado de Florida"***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Este xornal anarquista foi publicado como o voceiro oficial da Unión Federal del estado de Florida, asociación que aglutinaba aos gremios dos obreiros tabaqueiros, co obxectivo de defender os intereses destes traballadores. Contén noticias sobre os sindicatos, folgas e manifestacións anarquistas, etc., algunhas escritas en italiano.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1902: n. 1-40  
1903: n. 41

***Internacional, El******1ª época: Semanario dedicado a la propaganda sobre organización obrera******2ª época: Semanario dedicado a la propaganda de la organización obrera.******Órgano local de la Unión Internacional de tabaqueros de América***

**Sociedade  
editora** Centro Obrero

**Contido:**

Esta publicación obreira comezou a editarse en 1904 na cidade de Nova York, convertíndose no voceiro da Unión Internacional de Tabaqueros de América, informando sobre a loita obreira. Escrito en inglés e español trae numerosas noticias sobre Porto Rico.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1ª época  
904: n. 1; 2  
2ª época  
1905: n. 1-8; 10-25; 27-49,  
1906: n. 1-3; 7; 13; 14; 19,  
1907: n. 11; 13; 14; 20; 21,  
1909: n. 23-25  
1910: n. 26-31; 33-45; 48-50,  
1911: n. 3; 4; 8; 12; 13; 15-17; 33; 41; 48; 49,  
1915: n. 3-11; 13-42; 44; 45; 48,  
1916: n. 1-52  
1917: n. 1-52

**Miami*****Santa Marta de Ortigueira en Miami******Boletín Informativo***

**Sociedade editora** Casa de Santa Marta de Ortigueira en Miami

**Contido:**

Este boletín informativo está editado pola Casa de Santa Marta de Ortigueira en Miami, coa finalidade de informar aos seus socios das súas actividades e para divulgar temas galegos na colectividade emigrada.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 2000

## Newark

### *Club España*

#### *Trigésimo cuatro aniversario*

**Sociedade editora** Peña Galega - Club España de Newark

**Contido:**

Este boletín societario está editado coa finalidade de dar a coñecer os actos que organiza a sociedade anualmente.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 1998  
1999

### *Peña Deportivista "Aúpa Depor U.S.A."*

#### *IV Aniversario*

**Sociedade editora** Peña Deportivista "Aúpa Depor"

**Contido:**

Esta revista societaria está editada anualmente por esta peña futbolística do Deportivo, con motivo da celebración do aniversario fundacional da entidade deportiva; basicamente aporta Información aos seus socios sobre este equipo de fútbol e os actos dos galegos residentes na cidade.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 1998

## Nova York

### *Brazo y Cerebro*

#### *Revista dedicada a la propaganda anárquica y revolucionaria*

**Sociedade editora**



**Contido:**

Este periódico editouse en Nova York en 1912 dedicado á propaganda anarquista «desde un punto de vista científico y racional, tratando de demostrar la posibilidad de una sociedad sin gobierno, sin leyes ni privilegios...». Conta con colaboradores como J. Vidal, R. Mella, Henry Smith Willians, Malgall, Juan Uriarte, Anselmo Lorenzo, Melquíades Álvarez, Roberto Micheles, etc.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1912: n. 1; 2

***Casa de Galicia de Unidad Gallega******Libro-Memoria***

**Sociedade** Casa de Galicia, Unidad Gallega  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria está editada para informar das actividades desenvolvidas pola entidade editora, marcadamente republicana e galeguista durante os seus primeiros anos. Constitúe, tal e como aparece no subtítulo, a memoria anual das actividades e feitos máis salientables da vida societaria (directiva, comités, comisións para accións concretas, movemento de socios, balances económicos, etc.). Contén ademais algúns artigos, opinións e traballos sobre Galicia e a súa cultura, economía e historia, redactados por intelectuais galegos de recoñecido prestixio.

**Formato** Orixinal  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1941: novembro, 2  
1958  
1963  
1965: XXV aniversario  
1965/66  
1966/67  
1967/68  
1968/69  
1969/70  
1970/71  
1973/74  
1974/75  
1981/83  
1993/96

***Círculo Español******Boletín Informativo***

**Sociedade** Círculo Español  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada polo Círculo Español de Nova York, para informar aos seus socios da vida societaria da entidade (balance económico, memoria social, actividades, ...). Conta ademais con noticias sobre a situación da colectividade hispana no país, pasatempos e noticias de actualidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1983: n. XXXII (xullo/décembro)

## ***Cultura Obrera***

### ***Órgano de la Unión de Fogoneros***

**Sociedade editora** Unión de Fogoneros del Distrito del Atlántico y del Golfo

**Contido:**

Esta publicación societaria informa das diferentes actividades organizadas pola entidade editora, o Centro Galego de Hannover en Alemaña. Compléméntase con escritos sobre a arte, cultura, tradicións galegas e unha sección de pasatempos.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1988: setembro

## Trier

### *Galicien Magazin*

**Sociedade editora** Galicien Zentrum

**Contido:**

Esta publicación editada polo Centro de Documentación de Galicia (Galicien Zentrum) da Universidade de Tréveris e dirixido polo Profesor Dr. Dieter Kremer, publica e analiza diversos artigos sobre a literatura e os problemas da lingua galega, tanto no noso país como na súa proxección en Alemaña. Inclúe unha sección de novidades bibliográficas e entrevistas, ademais dunha relación de actividades do citado Centro. É unha publicación bilingüe, en alemán e galego.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 2  
1997: n. 3

## Andorra

### Andorra la Vella

#### *Bolboreta*

#### *Revista informativa*

**Sociedade editora** Associació Cultural Casa de Galicia de Andorra

**Contido:**

Esta revista está dirixida aos emigrantes galegos e socios que residen no Principado de Andorra. Comezou a editarse en 1999 coa pretensión de mantelos informados das actividades e noticias sobre a actualidade en Galicia. Ofrecen artigos sobre a literatura galega, sobre persoeros históricos ou sobre a historia dun concello galego. Teñen seccións fixas de humor, cociña galega, pasatempos, entrevistas e cartas e escritos dos socios.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2000: n. 6  
2001: n. 7; 8,

## Bélxica

## Bruxelas

***Nosa Voz, A***

***Voceiro do Centro Galego de Bruxelas***

**Sociedade** Centro Galego de Bruselas  
**editora**

### **Contido:**

Esta publicación societaria pretende dar a coñecer o labor realizado pola institución e achegar á colonia galega residente en Bruxelas a realidade actual de Galicia. Inclúe basicamente información sobre a situación da colectividade e da entidade editora, así como das actividades organizadas pola mesma: balance económico, eventos recreativos, sociais, culturais, etc. Tamén contén artigos referidos á cultura galega en xeral (música, gastronomía, tradicións, política, economía, historia, etc.). Desde 1995 esta publicación aparece integrada na edición de «El Sol de Bélgica». Está escrita en catro linguas: galego, castelán, francés e flamengo.

**Formato** Orixinal

### **Números**

**no AEG:** 1987: n. 5; 7  
1988: n. 8-10  
1989: n. 11-14  
1990: n. 15-18  
1991: n. 19-23  
1992: n. 24-28  
1993: n. 29  
1994: n. 31; 32  
1995: n. 33; 34  
1999: n. 40  
2003: n. 43  
2006: n. 46  
2008: n. 48

***Sol de Bélgica, El***

***La Revista en español de la capital de Europa***

**Sociedade** Cives Europa  
**editora** Colaboración do Centro Gallego de Bruselas

### **Contido:**

Esta revista está editada para manter informada á colonia española residente en Bélxica sobre as distintas actividades culturais e de ocio que poden desfrutar na cidade de Bruxelas; tamén en colaboración co Centro Gallego desta cidade aparecen unhas páxinas dedicadas ás súas actividades, con pequenas reportaxes sobre Galicia e a súa cultura, gastronomía, festas, etc. Conta con diversas seccións como «Vida Asociativa», «Gente», «Turismo», «No se lo pierda», «Guía del Ocio», «Música», «Reportaje» sobre actos culturais, escritores ou persoeiros españois e belgas, etc.

**Formato** Orixinal

### **Números**

**no AEG:** 1995: n. 11  
1996: n. 17; 22,  
1997: n. 33; 38; 45; 50,  
1998: n. 56; 63,  
2001: n. 131,

***Tentation, La***

***Centro Galego de Bruselas***

**Sociedade** Centro Galego de Bruselas  
**editora**

**Contido:**

Esta revista cultural está editada polo Centro Galego de Bruselas para informar das diversas actividades multiculturais que se organizan na cidade, centrándose sobre todo nos actos musicais, con entrevistas e reportaxes sobre artistas. Está escrita en alemán e francés. Tamén ofrece información sobre as actividades do centro e sobre os diferentes asuntos que consideran de interese para os galegos residentes no país belga.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1999: xaneiro/febreiro; marzo/abril; maio/xuño,  
2000: xaneiro/febreiro; marzo/abril; maio/xuño,

## España

### A Rioxa

#### Logroño

***Novas Nosas***

***Mensaxeiro do Centro Galego de la Rioja - Logroño***

**Sociedade** Centro Galego de la Rioja  
**editora**

**Contido:**

Esta revista societaria informa sobre as actividades desenvolvidas polo Centro Galego, incluíndo varias seccións como o saúdo dalgunha personalidade ou unha mensaxe do presidente, como prólogo; colaboracións dos socios (normalmente poesías); «Ecos y noticias» que contén pequenas noticias sobre a entidade e algúns artigos que abordan diversos aspectos de Galicia.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 18 (outubro)  
2006

### Andalucía

#### Córdoba

***Airiños***

***Casa de Galicia de Córdoba***

**Sociedade** Casa de Galicia de Córdoba  
**editora**

**Contido:**

Esta revista societaria pretende achegar aos seus socios as noticias da entidade e informacións de interese para eles como os estatutos sociais, as súas diversas actividades, información sobre axudas institucionais, viaxes, excursións, etc. Ademais conta con artigos sobre Galicia e entrevistas a persoas de orixe galega que destacan en distintos ámbitos na rexión.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1988: n. 0 (decembro)  
1989: n. 1  
1991: n. 5 (decembro)  
2000: n. 1 (maio)  
2002: n. 3 (maio)  
2005: n. 6 (maio)  
2006: n. 7 (xuño)

***Casa de Galicia en Córdoba***

**Sociedade** Casa de Galicia de Córdoba  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada pola Casa de Galicia de Córdoba para informar aos seus socios das actividades organizadas pola mesma (certames, concursos, excursións, etc.) e contén ademais diversas reportaxes nas que se realizan percorridos polos puntos máis coñecidos da xeografía galega, tanto pola súa fermosura como polo seu interese económico e turístico. O primeiro número da revista editase como unha homenaxe ao seu décimo aniversario fundacional.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 0

**Sevilla*****Anduriña******Portavoz del Lar Gallego de Sevilla***

**Sociedade** Lar Gallego de Sevilla  
**editora**

**Contido:**

Revista societaria editada coa finalidade de dar a coñecer a toda a colectividade galega residente en Sevilla as distintas actividades desenvolvidas pola entidade, acordos da xunta directiva, balance económico, memorias anuais, etc. (sección «A vida no lar»). Pretende ademais achegar os socios á cultura e á realidade de Galicia, con páxinas literarias (lendas, poesías), traballos sobre a lingua galega, descrición de cidades e comarcas, gastronomía, personalidades galegas, notas de actualidade e deportivas, etc. Inclúe tamén informacións de carácter máis xeral como artigos sobre saúde e a cultura andaluza.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1992: n. 9; 10  
1993: n. 11-14  
1994: n. 15-18  
1995: n. 19-22  
1996: n. 23; 24  
1997: n. 26,

2001: n. 42 (setembro)  
2006: n. 58-59 (setembro)

## Aragón

### Zaragoza

*Corredoira*

*Centro Gallego en Zaragoza. Folleto informativo*

**Sociedade editora** Centro Gallego en Zaragoza

**Contido:**

Este folleto foi publicado para informar da vida interna e das actividades organizadas por esta sociedade; tamén contén artigos sobre Galicia, a súa cultura, gastronomía, festas, etc.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 1979

## Asturias

### Avilés

*Ó noso lar*

*Órgano difusor del "Lar Gallego" de Avilés*

**Sociedade editora** Lar Gallego de Avilés

**Contido:**

Esta publicación societaria foi creada coa finalidade de conmemorar o 25 de xullo, Día de Galicia, e como vehículo de información para os socios e colaboradores do Lar Gallego de Avilés, sobre as distintas actividades da entidade: programa de festas, campionatos deportivos, nomeamento de socios de honra, actos culturais, danza e música galegas, etc. Aparecen tamén artigos sobre temas de saúde, relacións comerciais entre Galicia e Avilés, reportaxes sobre distintos puntos xeográficos galegos, biografías de persoeiros destacados no mundo da cultura, de literatura, etc.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 1984  
1985  
1986  
1987  
1988  
1989  
1990  
1994: n. 16  
1995: n. 17  
1998: n. 20  
2001: n. 23  
2005: n. 27



## Xixón

### *Airiños*

**Sociedade editora** Centro Gallego de Gijón

**Contido:**

Esta publicación societaria foi creada coa finalidade de informar aos socios sobre as diversas actividades organizadas polo Centro, incluíndo artigos sobre a cultura popular galega, reproducións de relatos literarios de autores galegos e crónicas da actualidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2001  
2006

### *Centro Gallego de Gijón*

#### *Fiestas de Santiago*

**Sociedade editora** Centro Gallego de Gijón

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada con carácter anual para conmemorar as festas do Apóstolo Santiago. Contén información relativa ao programa de actividades organizadas polo Centro Gallego, con motivo desas datas e unha descrición do seu labor societario. Complétase con diversos artigos relativos a diferentes aspectos da cultura galega: literatura, cultura popular e tradicións, etc.; así como outros traballos de temática máis xeral como medicina, seguridade cidadá, etc. En decembro de 1986 editan un número especial dedicado a Castela, no centenario do seu nacemento.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1985: xullo  
1986: decembro  
1991: xullo  
1992: xullo  
1993: xullo  
1994: xullo  
1997: xullo

### *Galaica*

#### *Revista del Centro Gallego de Gijón*

**Sociedade editora** Centro Gallego de Gijón

**Contido:**

Esta revista está editada para achegar á colectividade galega residente en Xixón, todas as noticias do seu interese.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1999: n. 1,

# Canarias

## Palmas de Gran Canaria

### *Aturuxo*

### *Portavoz de la Casa de Galicia de las Palmas*

**Sociedade editora** Casa de Galicia de las Palmas

**Contido:**

Esta publicación societaria foi creada coa finalidade de informar das actividades realizadas pola institución e achegar a cultura e a actualidade galegas aos emigrantes residentes nas Palmas de Gran Canaria; contén artigos sobre gastronomía, cultura popular, emigración, localidades de Galicia, arquitectura, literatura, e con numerosas colaboracións literarias.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1982: n. 11  
1983: n. 12  
1984: n. 13  
1985: n. 14  
1987: n. 16  
1988: n. 17  
1989: n. 18  
1993: n. 22  
1994: n. 23  
1995: n. 24  
1996: n. 25  
2006: 55º aniversario

# Cantabria

## Santander

### *Libredón*

### *Órgano Oficial del Centro Gallego de Santander*

**Sociedade editora** Centro Gallego de Santander  
Casa de Galicia en Cantabria (2006)

**Contido:**

Esta revista está editada polo Centro Gallego de Santander, co obxectivo de «recoger y amplificar, llevándolo cuan lejos sea posible, el eco de este rincón de Galicia en la Montaña que es el Centro Gallego de Santander». Contén sobre todo, información dos actos sociais e das actividades desenvolvidas pola entidade editora, incluíndo numerosos traballos sobre Galicia, de temática moi variada como historia, literatura (contos, lendas, fragmentos de textos, etc.), descrición de vilas, a emigración, gastronomía, cultura popular, as relacións Galicia-Santander, biografías e entrevistas con personalidades, lembranzas e vivencias persoais, etc.

**Formato** Orixinal

## Números

**no AEG:** 2ª época:  
1979  
1984  
1985  
1987: n. [31]  
1988: n. [32]  
1993: n. 37  
1994: n. 38  
1995: n. 39  
1996: n. 40  
1999: n. 43  
2000: n. 44  
2005: n. 50  
2006: n. 51, 53

# Castela León

## Burgos

### *Camiño, O*

**Sociedade editora** Centro Gallego en Burgos

#### **Contido:**

Publicación societaria que ten como finalidade dar a coñecer o que fai a colectividade galega residente en Burgos e as actividades que levan a cabo desde o centro galego desta cidade.

**Formato** Orixinal

#### **Números**

**no AEG:** 2001: n. 1 (setembro),  
2006

## Burgos - Miranda de Ebro

### *Cruceiro*

### *Revista do Centro Galego de Miranda de Ebro*

**Sociedade editora** Centro Galego de Miranda de Ebro

#### **Contido:**

Esta revista societaria foi creada para informar do labor e das diferentes actividades do Centro Galego de Miranda de Ebro, incluíndo ademais artigos sobre Galicia cunha temática variada: historia, literatura, cultura popular, gastronomía, o Camiño de Santiago, galegos na emigración, así como humor, pasatempos, etc.

**Formato** Orixinal

#### **Números**

**no AEG:** 1993: n. 2  
1994: n. 3  
1997: n. 5  
1998: n. 6  
1999: n. 7

2000: n. 8  
2001: n. 9  
2006: n. 14

## León - Ponferrada

### *Galicia Terra Única*

**Sociedade editora** Centro Galicia de Ponferrada

**Contido:**

Esta revista editada polo Centro Galicia de Ponferrada ten a finalidade de dar a coñecer os actos culturais nos que participa a sociedade e conta con diversas colaboracións, reproducindo multitude de recortes de xornais onde aparecen novas da entidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1997: n. 1 (xullo),

## Salamanca

### *Outeiro*

### *Revista del Centro Gallego de Salamanca*

**Sociedade editora** Centro Gallego de Salamanca

**Contido:**

Revista societaria que informa sobre as actividades da entidade editora e noticias sobre Galicia e a súa cultura.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2005: decembro  
2006: decembro

## Valladolid

### *Abrente*

### *Casa de Galicia de Valladolid*

**Sociedade editora** Casa de Galicia de Valladolid

**Contido:**

Esta publicación societaria foi creada coa finalidade de informar das actividades da Casa de Galicia de Valladolid (festas, cursos, etc.) e tamén para achegar Galicia e a súa cultura a todos os galegos que viven na cidade vallisoletana, polo que inclúe numerosos artigos sobre diversos aspectos da cultura e da actualidade galega: lingua, literatura, folclore, contos, lendas, poesía, etc. Complétase con saúdos de persoeiros, páxinas de pasatempos, seccións gastronómicas, etc. Os primeiros números están dedicados a Santiago Apóstolo, coincidindo a saída da revista con esas datas de celebración das festas galegas.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1964: xullo  
1987: decembro  
1988: decembro  
1989: decembro  
1995: n. 34 (xullo)  
1996: n. 35, 36  
1997: n. 37  
2006: n. 46

## Cataluña

### Barcelona

#### *A Micro Pechado*

**Sociedade editora** ERGAC - Espazos Radiofónicos de Catalunya

**Contido:**

Este xornal está editado pola asociación ERGAC para informar das diversas actividades culturais que teñen lugar na capital catalá realizadas pola colectividade galega alí asentada ou tamén desde as institucións. Realiza así mesmo unha ampla cobertura do labor realizado polas emisoras de radio de Barcelona, dando a coñecer os contidos e traballos destas emisoras con referencia a Galicia e a colectividade inmigrada.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2000: n. 1  
2001: n. 9; 11; 13; 14  
2002: n. 21; 32  
2003: n. 37; 44  
2004: n. 45-50; agosto; 52-56  
2005: n. 57-63; 65; 66, 68  
2006: n. 69-71; 73-80  
2007: n. 81-85, 88-89, 90, 92  
2008: n. 93-102  
2009: n. 103

#### *Alborada*

#### *Órgano del Centro Gallego de Barcelona*

**Sociedade editora** Centro Gallego de Barcelona

**Contido:**

Esta publicación societaria no momento da súa creación como voceiro do Centro Gallego de Barcelona, pretendía ser «el portavoz oficial de nuestra entidad y un eco espiritual del basto mundo de la galleguidad y un balcón de cultura y de arte gallegos al que puedan asomarse los intelectuales amigos de Galicia». Nas súas páxinas podemos atopar información da acción cultural realizada polo centro na sección «Labor cultural», numerosos artigos de contido variado sobre Galicia con páxinas dedicadas á literatura (contos, poesía, estudos sobre escritores), á cultura popular galega, opinións e vivencias persoais, lembranzas, artigos sobre personalidades galegas, cuestións referentes á lingua galega, etc. Complétase con algún artigo sobre Cataluña e a súa literatura.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2ª época  
1953: xaneiro,  
1955: [xullo],  
1956: inverno,  
4ª época  
1974: febreiro; xuño,  
5ª época  
1987: n. 3,  
1989: xuño/xullo,  
6ª época  
1995: xullo,  
1997: decembro  
1998: xuño  
1999: maio  
2001: decembro  
2002: decembro  
2003: decembro  
2004: decembro  
2005: decembro  
2007: abril

**Arxela*****Voceiro da Asociación Cultural Cova da Serpe de Barcelona***

**Sociedade editora** Asociación Cultural Cova da Serpe de Barcelona

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada en 1994 coa finalidade de informar sobre as actividades, proxectos e preocupacións da entidade editora, e servir de viero de comunicación entre os seus socios. Inclúe artigos sobre diversos aspectos da cultura e da actualidade galega: literatura, folclore, vilas e localidades, actividades do Día das Letras Galegas, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2001: n. 7 (abril),  
2006: n. 12 (abril)

**Centro Gallego de Barcelona*****Fiestas de Santiago Apóstol***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Barcelona

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada con motivo da celebración das festas de Santiago Apóstolo para informar do labor societario da institución e das actividades organizadas para as festas: C complétase con artigos variados sobre temas galegos: lingua, deportes, teatro, relatos, radio, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1974  
1994

**Feitos 2006**

**Sociedade editora** Asociación de Empresarios Gallegos de Cataluña

**Contido:**

Publicación anual tal e como seu nome indica donde informan das diversas actividades da asociación e dos negocios dos galegos residentes en Cataluña.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 2006

***Galicia en Cataluña***

***Órgano del centro Gallego de Barcelona y portavoz de la colonia gallega de Cataluña***

**Sociedade editora** Centro Gallego de Barcelona

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Fotocopia

**Números no AEG:** 1929: n. 10

***Hispano, El***

***Latinoamérica en tus manos***

**Sociedade editora** Mundo Hispano

**Contido:**

Publicación que informa sobre a colectividade inmigrante de orixe hispano en territorio catalá.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 2005: n. 22

***Lúa***

***Revista galega de cultura e pensamento***

**Sociedade editora** Padroado Fundación Lúa

**Contido:**

Esta publicación foi editada pola Fundación Lúa para difundir a cultura galega en Cataluña.

**Formato** Orixinal

**Números no AEG:** 1997: n. 1; 2,

***Mareusa***

**Sociedade** Grupo MAREUSA  
**editora**

**Contido:**

Esta revista está editada por MAREUSA aproveitando a organización da semana de cociña galega en Barcelona, co obxectivo de informar sobre as actividades realizadas na mesma e da entidade organizadora. Inclúe artigos, case sempre relacionados con Galicia e a súa gastronomía, e unha sección de bibliografía que contén unha selección de libros sobre diferentes aspectos da vida e da cultura galega: economía, turismo, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1995  
1996  
2000  
2001  
2002  
2006  
2007

***Mencer, O***

**Sociedade** "O Penedo". Fogar Galego  
**editora**

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2004

***Nova Galiza***

***Boletín quincenal dos escritores antifeixistas***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación de carácter político foi editada polos refuxiados galegos en Barcelona, durante a Guerra Civil, para «xuntar a voz dos galegos antifeixistas que traballamos pol-a liberdade na Hespaña xa redimida, coa das hirmáns de fala e de nacencia que vivindo en América non foron trabucados pol-a distancia e pol-o influxo dos que minten en grande escala».

Abundan os artigos políticos, nos que se denuncia a represión franquista en Galicia («iLoito na nosa Terra!») e a prol da autonomía. Tamén inclúe traballos sobre Galicia, a súa economía, educación, historia, etc. Por ultimo, contén colaboracións literarias de galeguistas e exiliados como Rafael Dieste, Alfonso R. Castelao, Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Basilio Alvarez, Ramón Rey Baltar ou Arturo Cuadrado entre outros, e chamamentos a favor da causa republicana.

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1937: n. 1; 3; 5; 6; 9; 11-13,  
1938: n. 18

***Nueva Galicia***

***Portavoz de los antifascistas gallegos***



**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación de carácter político, foi editada en plena guerra civil española e responde ás orientacións do Partido Comunista. A maioría dos artigos son declaracións antifascistas, noticias da guerra e da situación política española e internacional («Panorama Nacional», «Panorama internacional», «Crónica de todos los frentes», «Notas de la semana»), complementados con chamamentos á unión de todos os galegos para conseguir a liberación de Galicia. Aparecen tamén algunhas colaboracións literarias como as de José Gómez Gayoso, Ramón Cabanillas, Osorio Tafall, LÍster, J. R. Barcia, Arturo Cuadrado ou Castelao entre outros.

**Formato**    Microfilm  
                  Facsimilar

**Números**

**no AEG:**    1937: n. 1-32  
                  1938: n. 33-54

***Parolar de Galicia***

**Sociedade  
editora**    Peña Cultural Deportivista de Barcelona  
                  Asociación Cultural Amigos de San Froilán

**Contido:**

Esta revista informa sobre todo dos traballos no eido deportivo que leva a cabo a sociedade editora, Asociación cultural amigos de San Froilán en Barcelona; pero tamén contén artigos dedicados a diversos aspectos da vida e da cultura galegas: gastronomía, turismo, arte, festas, historia, etc. así como traballos sobre galegos residentes en Cataluña. Aparecen tamén numerosas referencias a celebración das festas de San Froilán de Lugo, ofrecendo información sobre as mesmas e o programa realizado pola asociación con tal motivo.

**Formato**    Orixinal

**Números**

**no AEG:**    1995: n. 1 (outubro)  
                  2000: n. 6  
                  2001: n. 7

***Quien de la Enxebre Xuntanza do Percebe***

**Sociedade  
editora**    Enxebre Xuntanza do Percebe

**Contido:**

Esta revista foi editada coa finalidade de «promocionar la cultura y la gastronomía gallega en Catalunya». Informa das actividades da asociación e da celebración da «noite de Galicia en Barcelona», organizada por dita entidade. O seu contido está basicamente relacionado coa gastronomía: restaurantes, menús, receitas, etc., incluíndo ademais artigos como biografías ou entrevistas con personalidades, cuestións varias da sociedade galega actual, descrición de vilas galegas, turismo e relatos de experiencias persoais dos seus colaboradores.

**Formato**    Orixinal

**Números**

**no AEG:**    1993  
                  1994  
                  1995  
                  1997

**ReNOVA Galiza****Revista de pensamento cívico, acción cultural i solidariedade galega**

**Sociedade editora** Foro Cívico Galego de Barcelona

**Contido:**

Publicación con diversos artigos culturais e de literatura; conta con colaboracións de autores galegos.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2005: n. 1 (xullo)  
2006: n. 2

**Saudade****Agrupación Cultural Galega**

**Sociedade editora** Agrupación Cultural Galega Saudade

**Contido:**

Esta publicación societaria está editada pola Agrupación Saudade para manter informados aos seus socios das diversas actividades culturais organizadas pola entidade e tamén hai noticias xerais sobre a súa vida societaria.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2002: n. 2  
2005: n. 4  
2006: n. 5 (decembro)  
2008: XXV anos de historia

**Saudade Xove****Revista para galegos sen fronteiras**

**Sociedade editora** Agrupación Cultural Galega Saudade

**Contido:**

Esta revista de difusión interna está escrita pola xuventude da Agrupación Saudade, co obxectivo de achegar a cultura galega aos emigrantes de Cataluña. Inclúe artigos sobre literatura, historia, lingua, tradicións, turismo e gastronomía, que se completan con páxinas de ocio.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 1 (xaneiro/maio),

**Sempre en Galicia****Voceiro da Emigración Galega en Barcelona**

**Sociedade editora**

**Contido:**

Esta publicación de carácter político, pretende ser un «vieiro para concienciarnos na loita que temos que levar a cabo pra poder voltar a nosa terra (..) e o canle máis axeitado pra unha información dos problemas da emigración galega en Catalunya, pra saber máis da nosa historia, cultura, lingua e a realidade social e actual de Galicia». Os artigos reflexionan sobre a situación galega desde postulados nacionalistas, aparecendo tamén diversas colaboracións literarias.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1978: n. 1 (febreiro),

**Treboada****Revista do Centro Galego de Barcelona**

**Sociedade** Centro Gallego de Barcelona  
**editora**

**Contido:**

Esta revista societaria pretende difundir «calquer idea que teña que ver cos nosos temas, co amor á terra e á galegitude [...] A revista do Centro Galego tenta servir a os socios, a os galegos en Catalunya, a galegitude en xeral, e a nosa Terra». Ten a finalidade de informar sobre os aspectos societarios e de actualidade da colectividade galega en Barcelona («Galegos en Catalunya», «A directiva informa», «Masa coral», etc.). Na publicación tamén aprecen tratados temas galegos en xeral como literatura, lingua, cultura, política, historia, emigración, etc. («Galegos universais», «Gramática Galega», etc.).

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1984: n. 12-14,

**Vento do leste****Revista de Cultura, Arte e Sociedade**

**Sociedade** Federación de Entidades Culturais Galegas de Catalunya  
**editora**

**Contido:**

Esta revista cultural pretende «recolle-las inquedanzas dos galegos a través dos distintos Centros e Sociedades culturais e interrelacionarnos e propiciar un maior coñecemento da nosa cultura, da nosa historia e da nosa sociedade». Contén información sobre a colectividade galega en Cataluña e as súas sociedades, noticias sobre Galicia, e outras colectividades emigradas. Complétase con artigos sobre cultura galega en xeral: literatura, arte, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1996: n. 3,  
2001: n. 8,  
2004: n. 11  
2005: n. 12  
2006: n. 13  
2007: n. 14

**Barcelona - Badalona**

***Palloza, A***

***Revista cultural galega***

**Sociedade** Agrupación Cultural Galega Agarimos  
**editora**

**Contido:**

Publicación societaria na que aparecen noticias da entidade, artigos de cociña galega e saúde do presidente.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2001: n. 4 (xuño)  
2006: n. 9 (maio)

## **Barcelona - Cerdañola del Vallès**

***Irmandade Galega "O Botafumeiro"***

**Sociedade** Irmandade Galega "O Botafumeiro"  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi editada anualmente pola Irmandade galega O Botafumeiro para informar aos seus socios das actividades da entidade, memoria social, cambios nas directivas, etc. Ademais aparecen artigos sobre Galicia (sobre a súa cultura, historia, xeografía, gastronomía, etc.)

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1999  
2006

## **Barcelona - Cornellá de Llobregat**

***Lúa Nova***

***Voceiro da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro***

**Sociedade** Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación societaria foi creada para informar das actividades da entidade editora, entre as que destacan as xornadas culturais, como o certame de poesía en lingua galega «Rosalía de Castro», deportivas (torneo de baloncesto, etc.), formativas (cursos de lingua), etc. Inclúe tamén artigos de opinión sobre distintos temas, reportaxes, entrevistas, relatos literarios, crónicas de actualidade, pasatempos e humor.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1987: n. 1; 2  
1988: n. 6  
1989: n. 7; 8  
1990: n. 9-12  
1991: n. 13-16  
1992: n. 18, 20  
1993: n. 22-24  
1994: n. 25-28  
1995: n. 29-32  
1996: n. 33  
1997: n. 34; 35  
1998: n. 36; 37  
1999: n. 38; 39  
2000: n. 40  
2001: n. 41; 42  
2005: n. 45; 46  
2006: n. 47  
2007: n. 48, 49  
2008: n. 50

## Barcelona - Hospitalet de Llobregat

### *Festa de Santiago*

**Sociedade editora** Casa Galega de L'Hospitalet

**Contido:**

Esta publicación societaria está editada pola Casa Galega con motivo da celebración das festas de Santiago Apóstolo para informar aos seus socios das diversas actividades organizadas para estas datas.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1997  
1998  
2001

### *Peregrina, A*

### *Casa galega de L'Hospitalet*

**Sociedade editora** Casa Galega de L'Hospitalet

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2006: xullo

## Barcelona - La Llagosta

## ***Festa galega en honor a Santiago Apóstol***

**Sociedade editora** Agrupación Cultural Galega Alborada

**Contido:**

Esta publicación societaria editada en conmemoración das festas de Santiago Apóstolo, coa finalidade de dar a coñecer o programa festivo organizado pola entidade editora e outras actividades realizadas ao longo do ano. Inclúe ademais algúns artigos sobre Galicia.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1998  
1999  
2001  
2006

## **Barcelona - Rubí**

### ***Irmandade Galega de Rubí***

#### ***Boletín de información***

**Sociedade editora** Irmandade Galega de Rubí

**Contido:**

Este boletín societario editado pola Irmandade Galega de Rubí ten a finalidade de manter informados aos seus socios sobre as súas actividades. Contén textos literarios, noticias, pasatempos, humor, cartas dos socios, horóscopo, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1988: decembro

### ***Pardao, O***

#### ***Boletín Informativo***

**Sociedade editora** Irmandade Galega de Rubí

**Contido:**

Este boletín societario está editado para informar aos seus socios sobre as actividades e a vida da entidade editora. Complétase con algunhas poesías e relatos, pasatempos, horóscopos e receitas gastronómicas, moitas delas realizadas polos mesmos socios.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1995: marzal; xuño/xullo; outono; santos; nadal  
1996: xaneiro; febreiro; marzal; abril; maio; xuño/xullo; santos; nadal  
1997: febreiro; marzal; abril; maio; xuño/xullo; setembro/outono; santos; nadal  
1998: xaneiro/febreiro; marzal/abril; maio/xunio; outono/santos  
1999: xaneiro/febreiro; marzal/abril; maio/xuño; xullo/agosto; santos/nadal  
2000: xaneiro/febreiro; xullo/agosto; setembro/outono; santos/nadal  
2001: xaneiro/febreiro; marzal/abril; maio/xuño; xullo/agosto; setembro/outono; santos/nadal  
2002: xaneiro/febreiro; marzal/abril; maio; xullo/agosto; setembro/outono; santos/nadal

2003: xaneiro/febreiro; marzal/abril; maio/xuño; xullo/agosto; setembro/outubro;  
novembro/nadal  
2004: xaneiro/febreiro; marzal/abril; maio/xuño; xullo/agosto; setembro/outubro;  
nov/decembro  
2005: xaneiro/febreiro; marzar/abril; maio/xuño; xullo/agosto,  
2006  
2008

## Barcelona - Sabadell

### *Centro Galego Nós*

#### *20 aniversario*

**Sociedade editora** Centro Galego Nós de Sabadell

**Contido:**

Esta publicación está editada polo Centro Galego Nós de Sabadell con motivo do seu 20º aniversario fundacional. Contén numerosos saúdos de políticos e persoeiros da vida pública galega e catalá; ademais fan un percorrido histórico da sociedade e informan sobre os seus proxectos de futuro. Na sección «Desde Galicia e desde aquí» hai numerosas colaboracións literarias e ensaios sobre a situación dos galegos en Cataluña.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1998: 20º aniversario

### *Galicia Avui - Galicia Hoxe*

**Sociedade editora** Centro Galego Nós de Sabadell

**Contido:**

Esta publicación societaria está editada polo Centro Galego Nós de Sabadell con motivo da celebración da XIª Festa das autonomías para informar aos socios do programa de actividades que están organizadas para esa festa e na que participan diversas asociacións de españois asentados en Cataluña.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2001: maio/xuño,  
2007: maio-xullo

### *Nós*

#### *Revista cultural*

**Sociedade editora** Centro Galego Nós de Sabadell

**Contido:**

Esta revista societaria está editada anualmente polo Centro Galego Nós. Contén reportaxes sobre diversos temas culturais galegos. Ademais recollen saúdos de persoeiros destacados e numerosas colaboracións literarias; aparecen reseñas de todos os actos organizados pola entidade editora.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1999: n. 1  
2000: n. 2  
2001: n. 3  
2002: n. 4  
2003: n. 5  
2005: n. 7 (outubro)  
2006: n. 8 (novembro)  
2007: n. 9 (outubro)

## Barcelona - Santa Coloma de Gramanet

### *Horreo, O*

#### *Revista de cultura do Centro Airiños da Nosa Galicia*

**Sociedade** Centro Airiños da Nosa Galicia  
**editora**

**Contido:**

Esta revista cultural está editada coa finalidade de festexar o Día das Letras Galegas e para informar das diversas actividades que organizan os galegos de Santa Coloma para a súa celebración; contén artigos sobre o homenaxeado anual e sobre cidades galegas. Aparecen tamén colaboracións de carácter cultural e lúdico.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2001: n. 7 (maio)  
2006: n. 12  
2007

## Barcelona - Tarrasa

### *O noso lar*

**Sociedade** Irmandade Galega O Noso Lar  
**editora**

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades da entidade, ademais de contar con pequenos artigos sobre Galicia, autores galegos, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2006: Letras galegas  
2007: 25º aniversario

## Lérida

### *Xurdimento*

#### *Boletín Cultural del Centro Gallego de Lleida*

**Sociedade** Centro Gallego de Lleida  
**editora**



**Contido:**

Esta revista societaria está orientada a informar da vida e actividades do Centro Gallego de Lleida, e servir de vehículo de comunicación entre os seus integrantes. Inclúe tamén artigos de temática galega: xeografía, cultura, lingua, historia, etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1988: febreiro/marzo  
1989: n. 3  
1991: n. 5  
1992: n. 6  
1994: n. 8  
1995: n. 9  
1996: n. 10  
1998: n. 12  
2000: n. 13  
2001: n. 14  
2002: n. 16  
2005: n. 18  
2006: n. 19

## Comunidade Valenciana

### Alacante

#### *Centro Galego de Alicante*

**Sociedade editora** Centro Galego de Alicante

**Contido:**

Esta revista societaria foi creada coa finalidade de dar a coñecer as actividades desenvolvidas polo Centro Galego e contribuír ao espallamento da cultura galega. Inclúe entrevistas e biografías de galegos ilustres, lembranzas e opinións persoais, traballos sobre vilas e lugares de Galicia, artigos sobre a emigración, a arte, a lingua e a literatura galegas, etc. Complétase con colaboracións literarias e artigos sobre a rexión levantina.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1990: n. 1-3  
1991: n. 4

#### *Galicante*

#### *Revista del Centro Gallego de Alicante*

**Sociedade editora** Revista del Centro Gallego de Alicante

**Contido:**

Esta revista societaria pretende achegar aos seus socios, emigrantes galegos residentes en Alacante, todas as novidades da colectividade e os actos que organiza a entidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1997

## Castellón

### *Carballeira*

#### *Voceiro de información xeral e cultural para asociados*

**Sociedade editora** Centro Galego de Castelló "O Aturuxo"

**Contido:**

Publicación societaria con información sobre a entidade e as súas actividades.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 2005: n. 3  
2006: n. 4

## Extremadura

### Badaxoz

#### *Arumes*

#### *Órgano de difusión*

**Sociedade editora** Casa de Galicia de Badajoz

**Contido:**

Esta publicación societaria, voceiro oficial da Casa de Galicia, foi creado para informar aos residentes galegos nesta cidade das noticias e acontecementos que ocorren nela, así como tamén en Galicia. Dá tamén noticias sobre as actividades realizadas pola entidade.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1999: n. 0  
2000: n. 1  
2001: n. 2  
2006: n. 7

### Mérida

#### *Sementera*

#### *Consejo de Comunidades extremeñas*

**Sociedade editora** Junta de Extremadura

**Contido:**

Publicación que informa sobre as diversas colectividades asentadas en terras extremeñas.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1994: n. 13

# Galicia

## A Coruña

### ***A Ultramar***

***Boletín Informativo de la Oficina de Relaciones con los gallegos en el exterior, de La Coruña y de la Comisión permanente del II Congreso de la Emigración Española a Ultramar***

**Sociedade editora** Oficina de Relaciones con los gallegos en el exterior. Comisión permanente del II Congreso de la emigración española a ultramar

**Contido:**

Este boletín está centrado no mundo da emigración galega, recollendo as conclusións dos congresos rexionais da emigración galega, estudos migratorios, testemuños de emigrantes, actividades das asociacións de emigrantes galegos, análise socioeconómica da emigración, estatísticas migratorias, etc. Tamén aborda a situación galega, destacando os plans oficiais de desenvolvemento económico do país.

**Formato** Orixinal  
Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1ª época  
1959: n. 9,  
2ª época  
1965: n. 68; 69,  
3ª época  
1974: n. 67  
1975: n. 68

### ***Cataventos***

***Suplemento de El Ideal Gallego***

**Sociedade editora**

**Contido:**

Número dedicado á emigración galega.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1984: 28 de novembro

### ***Economía y finanzas***

***Suplemento de la Voz de Galicia. Gallegos de ida y vuelta***

**Sociedade editora** La Voz de Galicia, S.A.

**Contido:**

Esta publicación é un suplemento especial de «La Voz de Galicia» centrado na análise da emigración galega, con varias reportaxes sobre este tema.

**Formato** Orixinal

**Números**  
**no AEG:** 1995: n. 92 (decembro, 15)

***Federación Mundial de Sociedades Galegas***

***Boletín Informativo***

**Sociedade** Federación Mundial de Sociedades Galegas  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación pretende recoller todas as novas de interese para as comunidades de emigrantes galegos espalladas polo mundo. Contén diferentes noticias de carácter político (o estatuto de autonomía) e de interese para os galegos (validación de estudos estranxeiros, etc.); tamén inclúe lembranzas e recordos de Luis Sánchez Mosquera.

**Formato** Orixinal

**Números**  
**no AEG:** 1980: n. 2 (xaneiro/febreiro),

***Lar***

***Revista quincenal***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Revista cultural editada en A Coruña. Novela orixinal e inédita de Xesús Fernández e González baixo o título «Como son os do glorioso (Antón Piruleiro)».

**Formato** Dixitalizada e impresa

**Números**  
**no AEG:** 1925: n. 7

***Lar***

***Manecho o da rúa***

**Sociedade**  
**editora**

**Contido:**

Esta publicación cultural contén numerosos traballos de carácter literario.

**Formato** Fotocopia

**Números**  
**no AEG:** 1926: n. 17

***Tempo Galego***

***Federación Mundial de Sociedades Galegas***

**Sociedade** Federación Mundial de Sociedades Galegas  
**editora**

**Contido:**

Esta xornal editado pola Secretaria xeral da Federación Mundial de Sociedades Galegas trata non só dos temas da entidade editora senón tamén de diversos aspectos da cultura galega tanto en Galicia como fóra de Galicia, cunha temática diversa como política, emigración, galegidade, educación, etc. Ten seccións fixas como «Entre col e col» de Plácido Lizancos Santos ou «Temas Gallegos» por Juan Naya Pérez, «Micronoticias dos nosos», etc.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1982: n. 1-3,  
1984: n. 5-7  
1985: n. 8,

## A Estrada

***Contrarretranca******Revista de información de A Estrada. A emigración estradense***

**Sociedade editora** Asociación xuvenil A Tranca

**Contido:**

Publicación que informa sobre a colectividade emigrada deste concello galego feita cunha visión xuvenil.

**Formato** Orixinal

**Números**

**no AEG:** 1991: n. 10 (decembro)

***Emigrado, El******Propiedad de la Sociedad "Hijos de la Estrada" en Cuba***

**Sociedade editora** Sociedad "Hijos de la Estrada" en Cuba

**Contido:**

Esta publicación foi editada na Estrada, grazas á axuda económica das sociedades de emigrantes desacomarca residentes en Cuba e Arxentina. Xurdiu coa idea de «defender los sagrados derechos de nuestra Galicia idolatrada, a unir en estrecho haz a todos los estradenses emigrados y a defenderlos de las innumerables explotaciones de que en su odisea son objeto; a enterarlos en lo posible de todo lo que aquí pase, y a enterar también a los de aquí de lo que sucede en las colonias estradenses por el mundo diseminadas, es a lo que nosotros venimos».

Aborda principalmente asuntos relacionados coa emigración dos estradenses, con noticias de carácter local, rexional e aquelas procedentes dos países americanos nos que se atopa o maior número de estradenses. Aparecen manifestacións de ideas con respecto ao fenómeno migratorio galego e mensaxes para os lectores a través das súas crónicas de opinión. Os contos e a poesía tamén teñen cabida nesta publicación.

**Formato** Fotocopia

**Números**

**no AEG:** 1936: n. 557,  
1937: n. 595,  
1938: n. 618,

## A Fonsagrada

## **Tío Pepe, O**

***Redención, xusticia, progreso, unión, guerra os caciques. ¡Arriba galegos, viva a raza!***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Este xornal editado o ano 1913 en galego defende o agrarismo e a situación do campesiñado galego contando con numerosos artigos sobre estes temas, e a redención foral; analiza tamén o sistema educativo en Galicia e as consecuencias e causalidades da emigración galega. Conta ademais con textos literarios e seccións como «Boa idea», «Boas novas» ou «Lendas», «Carta aberta: pro roxo d'A Veiga en Bos Aires». Entre os seus colaboradores habituais destacan Xoco de Rao, Toribio Nulema, Maros de Perulledo, Louro de Sáa, Xinto D'Armilda, Valentín Carvajal ou Mingos d'Portada.

**Formato**    Microfilm

**Números**

**no AEG:**    1913: n. 2-19,

## **A Guarda**

***Heraldo Guardés***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Periódico independente fundado por D. José Darse Sobrino. Nel aparecen noticias sobre os emigrados deste concello en América.

**Formato**    Fotocopia

**Números**

**no AEG:**    1915: n. 532 (30 de outubro),  
1934: n. 1611 (22 de decembro),

## **Betanzos**

***Betanzos***

***Album dedicado a la excursión cubana***

**Sociedade  
editora**

**Contido:**

Esta publicación está editada polos Hijos de A. Núñez, donos duns almacéns de tecidos e mobles de Betanzos, con motivo da visita á súa terra natal dun grupo de betanceiros residentes en Cuba. Nel fan un percorrido pola historia e polos principais monumentos da cidade, facendo desde as primeiras páxinas unha loubanza aos benefactores da mesma, os irmáns García Naveira.

**Formato**    Fotocopia

**Números**

**no AEG:**    1923: número único

## Coirós

*Albor, revista escolar*

*Publicación mensual de las escuelas de la sociedad "Hijos de Coirós en Buenos Aires"*

**Sociedade editora** Hijos del Ayuntamiento de Coirós en Buenos Aires

**Contido:**

Publicación societaria na que se informa sobre as diversas actividades das escolas promovidas por esta entidade.

**Formato** Facsimilar

**Números**

**no AEG:** 1936: n. 1 (incompleto, reproducida na obra «Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Coirós, 1906-2006» de Miguel Gayoso e Manuel Fiaño)

## Ferrol

*Obrero, El*

*Órgano de la Agrupación Socialista ferrolana y defensor de la clase trabajadora*

**Sociedade editora** Agrupación Socialista ferrolana

**Contido:**

Este xornal político está editado pola Agrupación Socialista de Ferrol durante os anos da II República Española para informar sobre a realidade política e social da comarca, incidindo na vida municipal e sindical nun período tan conflictivo. Conta con noticias de diversa temática e cunha sección «Cartas a un americano» (emigrante da zona en Arxentina) asinado por «el hombre que ríe».

**Formato** Microfilm

**Números**

**no AEG:** 1932: n. 850-855  
1933: n. 856-907  
1934: n. 908-946  
1935: n. 947; 949-977; 979; 980,  
1936: n. 985; 987-994; 997-1010,

## Lalín

*Descubriendo*

*Anuario de Estudios e Investigación do Deza*

**Sociedade editora** Seminario de Estudios do Deza

**Contido:**

